



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 31 DE OUTUBRO 2024

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas do día trinta e un de outubro de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ (que se ausenta da sesión no momento que consta nesta acta)
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 31 de outubro de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202410311000120000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, e manifesta que, en primeiro lugar, vaise gardar un minuto de silencio polas vítimas das inundacións que tiveron lugar en Valencia, pasándose, unha vez finalizado, ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE XULLO DE 2024, Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE AGOSTO DE 2024 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2024

Acceso á videoacta – 00:02:05 horas

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2024, á sesión ordinaria do día 29 de agosto de 2024 e á sesión extraordinaria do día 10 de setembro de 2024, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2024, á sesión ordinaria do día 29 de agosto de 2024 e á sesión extraordinaria do día 10 de setembro de 2024, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2024, da sesión ordinaria do día 29 de agosto de 2024 e da sesión extraordinaria do día 10 de setembro de 2024.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

Acceso á videoacta – 00:03:06 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2024 (CVD: 7GHG2F9MXBvSKRjFLEWB), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2024, que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 25 de abril de 2024, acordou, entre outros, os nomeamentos de representantes da Corporación en órganos colexiados, competencia do Pleno.



Visto que o Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 10 de setembro de 2024, tomou coñecemento da renuncia presentada por David López Saborido ao cargo de concelleiro do Concello de Cambre, o que fai necesario modificar varios dos nomeamentos efectuados por acordo de data 25 de abril.

Visto que no acordo de data 25 de abril de 2024 non se designaron suplentes dos representantes nos consellos escolares.

Propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Nomear a D. Óscar Tomás Barrientos Morales representante do concello no consello escolar do CEIP Graxal (Graxal – O Temple).

Segundo.- Designar á Sra. alcaldesa D.^a María Dolores Pan Lesta, ou concelleiro/a en quen delegue, suplente dos concelleiros e concelleiras que a continuación se relacionan, e que están designados como representantes do concello nos consellos escolares para os centros que igualmente se indican:

- | | |
|---|--|
| - Escola de educación infantil de Pravio: | D. Juan González Leirós |
| - CEIP Graxal (Graxal – O Temple): | D. Óscar Tomás Barrientos Morales |
| - CEIP Portofaro (O Temple): | D. Daniel Mallo Castro |
| - CEIP Emilio González López (Brexo): | D. ^a María del Carmen Pan Matos |
| - CEIP Gonzalo Torrente Ballester (Sigrás): | D. Ramón Boga Moscoso |
| - CEIP Wenceslao Fernández Flórez (Cambre): | D. Daniel Mallo Castro |
| - IES Afonso X O Sabio (A Barcala-Cambre): | D. ^a Yolanda Díaz Baldomir |
| - IES David Buján (Sigrás): | D. Ramón Boga Moscoso |

Terceiro.- Nomear a D. Óscar Tomás Barrientos Morales suplente da representante no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, quedando, polo tanto, a representación no dito órgano da seguinte maneira:

- Representante do concello a concelleira D.^a Yolanda Díaz Baldomir, e suplente, o concelleiro D. Óscar Tomás Barrientos Morales

Cuarto.- Nomear a D. Óscar Tomás Barrientos Morales suplente da representante do concello no Consello de participación das escolas infantís, quedando, polo tanto, a representación no dito órgano da seguinte maneira:

- Representante do concello a concelleira D.^a María del Carmen Pan Matos, e suplente, o concelleiro D. Óscar Tomás Barrientos Morales

Quinto.- Nomear representante do concello na Fundación Wenceslao Fernández Flórez ao concelleiro D. Óscar Tomás Barrientos Morales, quedando, polo tanto, a representación no dito órgano da seguinte maneira:

- Representante do concello o concelleiro D. Óscar Tomás Barrientos Morales, e suplente, o concelleiro D. Ramón Boga Moscoso”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura á proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2024, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2024 (CVD: 7GHG2F9MXBvSKRjFLEWB), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 3/2024 E CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 3/2024

Acceso á videoacta – 00:06:12 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá de data 21 de outubro de 2024 (CVD: /W6Hf471IIZvxZ2jMB7o), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2024, que transcrita di:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 3/2024 E CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 3/2024

Visto que a liquidación do orzamento do exercicio 2023 arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de 19.692.181,52 euros.

Visto que o superávit orzamentario derivado da liquidación do exercizo 2023 situase en 4.576.545,04 euros.

Visto que as regras fiscais aplicables as Administracións Públicas quedan reactivadas no 2024.

Visto que, dado que as regras fiscais estiveron suspendidas no ano 2023 non é de aplicación o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira relativo ao destino do superávit. Nenmbargantes, debe terse en conta que a utilización do superávit resultante da liquidación orzamentaria de 2023 terá efecto sobre o cumprimento do superávit orzamentario e da regra de gasto de 2024.

Vista a memoria do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá asinada o 21.10.2024 (CVD: PuQkJDr3Bl/lbpjbd8e) na que se detallan e xustifican os gastos obxecto deste expediente.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa insuficiente, a Corporación poderá acordar unha concesión de suplemento de crédito, e cando o crédito consignado no Orzamento sexa inexistente, de crédito extraordinario.

Visto o disposto na décimo segunda das Bases de execución do orzamento 2024, e a dispoñibilidade de financiamento con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Visto o informe da intervención municipal referencia LMR CE03_SC03 / 2024, asinado o 21.10.2024 (CVD: TqFOydz1cxSpcQJQJz2A) coas seguintes conclusións:

“(…/…)IV) CONCLUSIONES.

Infórmase favorablemente únicamente dende o punto de vista procedimental sempre que se cumpla coa tramitación exposta na consideración xurídica CUARTA.-

*De conformidade có artigo 182.1.a do TRLFL, os créditos extraordinarios e os suplementos de créditos que fosen concedidos ou autorizados, respectivamente, no último trimestre do exercicio 2024 poderán incorporarse aos correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio 2025, sendo condición previa e preceptiva, que na data da incorporación existan para iso os suficientes recursos financeiros
(…/…)”*

Visto o informe da intervención municipal referencia LMR ESTABILIDADE CE03_SC03 / 2024, asinado o 21.10.2024 (CVD: lwkOzWjnpQhWINPgaU5N) coas seguintes conclusións:

"(../...)4. CONCLUSIÓNS SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E NIVEL DE DÉBEDA.

As regras fiscais quedan reactivadas para o ano 2024, pero dado que as mesmas estiveron suspendidas no ano 2023 non é de aplicación o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira relativo ao destino do superávit derivado da liquidación do exercicio 2023. Nembargantes, debe terse en conta que a utilización do superávit resultante da citada liquidación terá efecto negativo sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na liquidación do exercicio 2024.

De conformidade có sinalado no punto 3.2 do presente informe, a aprobación do modificativo de crédito CE03SC03 implicará, con toda probabilidade, o **incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria** na liquidación do exercicio 2024 dando lugar, no exercicio 2025, á aplicación das medidas preventivas, correctivas e coercitivas previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

En canto ao cumprimento da regra de gasto, verificarase con obxecto da aprobación da liquidación do exercicio 2024 sendo que, en caso de incumprimento, tamén procederá á aplicación no exercicio 2025 das medidas preventivas, correctivas e coercitivas previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril . (../...)"

É polo que propono ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 3/2024 por importe 2.045.209,99 euros e crédito extraordinario 3/2024 por importe de 4.249,45 euros segundo a do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá asinada o 21.10.2024 (CVD: PuQkJDr3BI/lbpjbd8e) e cuxo detalle e o que segue:

Créditos necesarios:

Aplicación	Denominación	Proxecto	Créditos iniciais	Mod. anterior	Mod. proposta	Créditos definitivos
132 22700	Limpieza y aseo Seguridad y Orden Público		8.000,00 €	- €	5.910,60 €	13.910,60 €
231 22700	Limpieza atención social primaria		10.000,00 €	- €	9.128,46 €	19.128,46 €
241 22700	Limpieza fomento de empleo		20.000,00 €	25.774,93 €	7.345,14 €	53.120,07 €
312 21200	Mantenimiento edificios centros de salud		5.000,00 €	- €	50.015,97 €	55.015,97 €
323 22700	Limpieza enseñanza infantil y primaria		240.000,00 €	- €	100.778,46 €	340.778,46 €
334 22700	Limpieza promoción cultural		36.000,00 €	- €	18.832,86 €	54.832,86 €
342 62200	Instalaciones deportivas	2021 2 342 2	600.000,00 €	383.036,49 €	7.287,84 €	990.324,33 €
920 62600	Equipos informáticos Administrac. General	2024 4 920 2	12.000,00 €	2.722,50 €	6.776,00 €	21.498,50 €
920 63600	Equipos para procesos de información	2024 4 920 2	- €	- €	4.249,45 €	4.249,45 €

920 22700	Limpieza Admin. General		41.000,00 €	- €	24.903,54 €	65.903,54 €
342 61900	Otras inversiones de reposición en infraestructuras y bienes uso	2024 4 342 4	- €	63.450,47 €	1.814.231,12 €	1.877.681,59 €
TOTAL MODIFICACIÓN PROPOSTA SC 3/2024 – CE3/2024					2.049.459,44 €	

Recursos:

Tal como se mencionou anteriormente, os recursos desta modificación de crédito proceden do remanente de tesourería derivado da liquidación do exercicio 2023

Concepto orzamentario	Consignación dacordo coas MC financiadas con RTGXerais aprobadas a 21.10.2024	Mod. Proposta SC 3/2024 – CE3/2024	Total consignación resultante
870.00	4.752.832,48 €	2.049.459,44€	6.802.291.92 €
TOTAL MODIFICACIÓN PROPOSTA SC 3/2024 – CE3/2024		2.049.459,44€	

Resumo:

Cantidade que se utiliza procedente do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais 2023	2.049.459,44€
Procedente de novos ou maiores ingresos no Presuposto corrente	0,00€
Por baixas por anulación parcial ou total doutras partidas no Presuposto	0,00€
Procedente de operación de crédito	0,00€

IMPORTE TOTAL RECURSOS FINANCIACION..... 2.049.459,44€

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non haxa reclamacións contra o expediente, considerárase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior. De seguido, procederáse á publicación do acordo definitivo, tal e como o esixe o artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e artigos 34, 40, 41, 20 e 22 do R.d. 500/1990, do 20 de abril.

Cuarto: No caso de que as persoas interesadas presenten reclamacións, resolveráase o Pleno Corporativo cos informes oportunos previos. Unha vez que o Pleno as resolva, procederáase como se indicou no parágrafo anterior.”



Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura extractada da proposta.

Interveñen o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá de data 21 de outubro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Doce (12), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá de data 21 de outubro de 2024 (CVD: /W6Hf471IIZvxZ2jMB7o), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.3. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES PARA A CONVOCATORIA DO XVI CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL 2024 DO CONCELLO DE CAMBRE

Acceso á videoacta – 00:38:49 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 8 de outubro de 2024 (CVD: FYzkRp73yfms6BgJf0H8), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, Medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, na sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2024, que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, PATRIMONIO E TURISMO

Tendo en conta que o concello de Cambre, a través da súa Axencia de Desenvolvemento Local, ven promovendo actuacións de cara a dinamizar o tecido empresarial en xeral e os sectores comercial, os servizos persoais e a hostalería, en particular, debido ao seu elevado peso específico na economía local do seu territorio.

Tendo en conta que dende o ano 2003 vense desenvolvendo o Concurso de Escaparates do Nadal, que logo de varios anos nos que non se celebrou, volveu a retomarse no ano 2019 cuns resultados moi satisfactorios, polo que se considera necesaria a súa continuidade, xa que é un programa de actuación consolidado con gran aceptación entre o empresariado do municipio e o público en xeral.

Tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 25.1, da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, o Concello de Cambre pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Tendo en conta que, a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL), establece que as Entidades Locais non poderán exercer competencias que non estean

atribuídas como propias ou delegadas, agás que tal exercicio non poña en risco a sostenibilidade financeira do conxunto da facenda municipal e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo con outra administración pública, en relación coa Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL da Comunidade Autónoma de Galicia, na que se establece no seu artigo 3º punto 3 “... *En particular, no se entenderá como exercicio de novas competencias: apartado a) La continuidad en la prestación de los servicios ya establecidos...*”, e no apartado “b) **La continuidad de la actividad de fomento ya establecida en ejercicios anteriores así como la realización de nuevas actuaciones de fomento que habían sido ya establecidas en los proyectos de establecimiento de servicios objeto de los informes de inexistencia de duplicidades y sostenibilidad financiera previstos en esta Ley**”, pode concluírse que a XV edición do Concurso de escaparates do Nadal non constitúe unha nova subvención ou competencia municipal, senón que é a continuidade dunha actividade xa establecida en exercicios anteriores, sen que se teña constancia de execución de accións simultáneas de fomento co mesmo obxecto entre as administracións públicas provincial, autonómica ou estatal (non simultaneidade), existindo de igual forma crédito para a súa realización.

Por outra banda, a perturbación que atravesamos a economía mundial na actualidade, derivada das tensións xeopolíticas, da crise enerxética e do cambio de rumbo da política monetaria motivada polo risco de cronificación da inflación, o incremento dos custes e o cambio de hábitos de consumo, fan que o noso Concello tome especial conciencia da situación pola que están pasando as nosas empresas e, polo tanto, siga apoiando e potenciando aos establecementos que están a sufrir con maior intensidade as consecuencias derivadas da coxuntura á que nos estamos a enfrontar. Con este Concurso preténdese ademais de potenciar e xerar un maior volume de vendas, valorar e recompensar o traballo e esforzo que nestas datas tan sinaladas fan os/nos/as comerciantes, empresarios/as, hosteleiros/as e profesionais cara a consecución dun bo ambiente do Nadal.

As circunstancias anteriormente descritas están afectando de forma moi significativa a comercios, servizos persoais e hostalería, en definitiva, ao noso tecido empresarial máis próximo, cunha caída dos seus ingresos e do emprego xerado, motivados polo descenso nos consumos e pola falta de liquidez. Isto, unido aos cambios nos hábitos de consumo, as novas fórmulas de comercialización e ao incremento dos centros e espazos comerciais que se están a instalar na nosa área metropolitana nos últimos anos, lévanos a manter liñas de actuación como a presente. Por medio da mellora da imaxe dos nosos establecementos, creando espazos comerciais máis atractivos para o/a consumidor/a, fomentando a utilización de técnicas de márketing e merchandising entre as nosas empresas, concienciando aos nosos/as empresarios/as da importancia da imaxe do seu establecemento para mellorar as súas vendas e promover as vendas no noso Concello, contribuírse a facer máis atractivos os establecementos, logrando que estes sexan máis competitivos, fomentando o consumo no municipio por parte dos veciños/as e dos da área metropolitana e fidelizando á clientela.

Vistos os resultados das anteriores edicións do Concurso e ante as dificultades polas que está pasando na actualidade o pequeno comercio, os servizos persoais e a hostalaría, faise necesario desenvolver un ano máis o Concurso de escaparates do Nadal.

Visto que nesta anualidade quere facerse unha nova distribución da contía dos premios, incrementando a correspondente ao segundo e ao terceiro premio (en 100,00 euros cada un deles), a correspondente aos accesits (en 100,00 euros cada un deles) e reducindo a contía reservada á modalidade de votación popular (en 400,00 euros) para darlle maior relevancia aos premios obxecto de valoración por parte do xurado profesional, sin alterar a cantidade destinada a premios, que se mantén nos 4.000,00 €. Coa finalidade de que siga participando a cidadanía na votación popular, e para reducir as dificultades técnicas experimentadas nos anos anteriores en canto á calidade das imaxes nocturnas e a composición das mesmas, os establecementos aportarán soamente unha fotografía do seu escaparate, para poder escollelos mediante o emprego dunha votación telemática ou da ferramenta pola que finalmente opte o Concello. O prazo de inscrición comprenderá o período que vai dende o 1 ata o 16 de decembro de 2024, ambos incluídos, co obxectivo de que os escaparates estean visibles a partir da terceira semana de decembro, ata o 6 de xaneiro de 2025, axudando desta forma o Concurso a motivar e fomentar a instalación de escaparates ambientados no Nadal e a crear un ambiente propicio que axude a aumentar as vendas.

Tendo en conta o informe emitido polo técnico en promoción económica co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local en funcións de data 12 de setembro de 2024 (CVD: *gfg3OqWSEjyOzN4qZYfR*).

Visto o informe da Intervención Municipal de asunto fiscalización da proposta para a aprobación das bases da convocatoria pública do XV concurso de escaparates do Nadal 2024 do Concello de Cambre, enmarcado dentro da campaña de

dinamización comercial da área de desenvolvemento socioeconómico. Fase - A. TEDEC 2024/X999/000195, de data 2 de outubro de 2024 (CVC: *FeBKHcXFuDqgK5jSmqxK*)

Visto o o informe emitido polo técnico en promoción económica co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local de data 8 de outubro de 2024, coa finalidade de atender e incorporar ás observacións formuladas pola Intervención Municipal aos efectos de impulsar á tramitación da convocatoria (CVD: *wpbi6qb00+mTdFMMSaSq*).

Visto que existen documentos de retención de crédito con nº de operación 220240009181, por importe de 4.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 433 4810 *Becas e premios promoción empresarial*, referencia 22024004337, RC Bases XVI Concurso de Escaparates Navidad 2024 Ayuntamiento de Cambre, de data 26 de setembro de 2024, para o gasto correspondente aos premios e nº de operación 220240009267, por importe de 225,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 433 22699 *Otros gastos diversos promoc. activ. económica*, referencia 22024004505, RC Jurado Profesional Premios de Escaparates de Navidad 2024, de data 8 de outubro de 2024, para o gasto correspondente á indemnización dos membros profesionais do xurado.

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as Bases para a convocatoria do **XVI Concurso de escaparates do Nadal 2024 do Concello de Cambre**, tal e como se transcriben a continuación, así como a súa convocatoria e modelos de anexos.

Bases de desenvolvemento e participación no XVI Concurso de Escaparates do Nadal 2024 Concello de Cambre

Un ano mais o Concello de Cambre convoca ás persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos comerciais, de servizos persoais e de hostalaría do municipio a tomar parte no XVI Concurso de escaparates do Nadal. A perturbación que atravesamos a economía mundial na actualidade, derivada das tensións xeopolíticas, da crise enerxética e do cambio de rumbo da política monetaria motivada polo risco de cronificación da inflación, o incremento dos custes e o cambio de hábitos de consumo, fan que o noso Concello tome especial conciencia da situación pola que están pasando as nosas empresas e, polo tanto, siga apoiando e potenciando aos establecementos que están a sufrir con maior intensidade as consecuencias derivadas da coxuntura á que nos estamos a enfrontar. Con este Concurso preténdese ademais de potenciar e xerar un maior volume de vendas, valorar e recompensar o traballo e esforzo que nestas datas tan sinaladas fan os/as nosos/as comerciantes, empresarios/as, hostaleiros/as e profesionais cara a consecución dun bo ambiente do Nadal.

Primeira.- Obxecto e finalidade. Esta iniciativa ten por obxecto incentivar ás persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos comerciais, hostaleiros e de servizos persoais do municipio para que decoren os seus locais, tendo en conta a importancia que ten a súa imaxe sobre os/as compradores /as e, polo tanto, sobre o volume de vendas, especialmente nas datas tan significativas que o Nadal representa. A finalidade é polo tanto facer que a oferta comercial e de servizos sexan atractivos para os/as consumidores/as contribuíndo, a súa vez, a mellorar a humanización dos espazos comerciais do municipio.

Segunda.- Participantes. Poderán participar neste Concurso todas as persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos comerciais, de servizos persoais e de hostalaría que desenvolvan a súa actividade económica no termo municipal de Cambre, decoren os seus escaparates, e reúnan os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos todos os requisitos para o exercicio da actividade.
- Ter un establecemento aberto ao público dentro do termo municipal de Cambre.
- Ter escaparate decorado con motivos de Nadal como mínimo durante o período comprendido entre o 17 de decembro de 2024 (día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes de inscrición) e o 6 de xaneiro de 2025.

Terceira.- Inscrición e presentación de solicitudes. Para participar no Concurso, deberán presentar no **Rexistro do Concello de Cambre** unha **solicitud de inscrición**, segundo o **formulario aprobado ao efecto** e que se inclúe como anexo I a estas Bases. A solicitude poderá presentarse tamén **na sede electrónica do Concello de Cambre**: <https://sede.cambre.es/opencms/gli>, sendo esta a modalidade de presentación obrigatoria para as persoas xurídicas. A inscrición no Concurso será gratuita.

Tipo de participante	Forma de presentación da solicitude
Persoa física	Presencial nos rexistros do Concello ou na sede electrónica municipal
Persoa xurídica	Obrigatoria na sede electrónica municipal

A solicitude deberá presentarse polo/a autónomo/a ou empresario/a individual ou polo/a representante legal da sociedade ou entidade, no caso das persoas xurídicas, titulares de establecementos de Cambre que contén con escaparates decorados durante a Campaña de dinamización comercial do Nadal.

Cuarta.- Prazo de inscrición. Dende o día 1 de decembro ata o día 16 de decembro de 2024, ambos incluídos.

Quinta.- Fotografía do escaparate para participar na modalidade de votación popular.

As persoas participantes nesta modalidade deberán **presentar unha fotografía do escaparate do establecemento**, en formato dixital JPEG, PNG ou similar. A fotografía **poderá presentarse xunto coa solicitude electrónica ou remitirse por correo electrónico** ao enderezo adl@cambre.org para a súa incorporación á web ou ferramenta habilitada ao efecto polo Concello. En todo caso, o envío deberá efectuarse dentro do prazo de inscrición.

As fotografías cederanse ao Concello de Cambre para a súa publicación na páxina web municipal ou na ferramenta que se designe de cara a tomar parte na modalidade de premio de votación popular ou para posteriores publicacións ou campañas do Concello.

Quedarán automaticamente excluídas as fotografías nas que aparezan persoas que non teñan autorización de uso da súa imaxe.

As fotografías obtidas non poderán alterarse electrónicamente nin por calquera outro medio, non admitíndose fíotomaxes nin tampouco fotografías que non se axusten á finalidade do Concurso e ás presentes Bases.

Sexta.- Premios. Establécense tres modalidades de premios dotados coas seguintes contías:

a) Primeira modalidade: Premios (1º, 2º e 3º)

- Primeiro premio: 1.000,00 € (mil euros).
- Segundo premio: 800,00 € (oitocentos euros).
- Terceiro premio: 600,00 € (seiscientos euros).

b) Segunda modalidade: Accésits

- Accésit ao máis sostible: 500,00 € (cincocentos euros).
- Accésit á adecuación ao produto: 500,00 € (cincocentos euros).

c) Terceira modalidade: Votación popular

- Premio por votación popular: 600,00 € (seiscientos euros).

Para o financiamento destes premios existe crédito na aplicación orzamentaria "433 48100 Becas e premios promoción empresarial" polo importe de catro mil euros (4.000,00 €).

Ao importe destes premios **aplicaranse as retencións previstas na normativa tributaria vixente, aboándose ás persoas gañadoras o importe líquido resultante unha vez practicadas as retencións legalmente establecidas.**

Un mesmo establecemento non poderá resultar premiado en máis dunha modalidade do Concurso.

Sétima.- Desenvolvemento do Concurso.

Unha vez rematado o prazo de inscrición, elaborárase unha listaxe de establecementos participantes. A estes efectos, e por resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, se aprobará a devandita

relación de establecementos admitidos no XVI Concurso de escaparates do Nadal 2024, que se publicará igualmente na páxina web municipal e nas redes sociais municipais, nomeándose as persoas integrantes do xurado e indicándose a ligazón á ferramenta empregada para a votación popular ou o mecanismo que no seu caso se habilite ao efecto.

Os establecementos participantes no Concurso estarán identificados cun cartel ou vinilo que indique a súa participación e que lles será entregado polo Concello de Cambre. Deberá colocarse nun lugar ben visible do escaparate.

As decoracións dos establecementos examinaranse polo xurado, ben de forma conxunta ou individual, a partir do día 17 de decembro de 2024. Non se comunicará previamente aos locais concursantes as datas e horario de realización destas visitas. Pola propia natureza do concurso, o escaparate deberá de ser visible dende o exterior, sen que o seu exame dependa do horario comercial dos establecementos.

Os establecementos participantes comprométese a manter os seus escaparates decorados dende o 17 de decembro de 2024 ata o día 6 de xaneiro de 2025, e non poderán modificalo ao longo do período anteriormente citado.

Oitava.- Criterios de adxudicación dos premios.

a) Primeira modalidade: Premios 1º, 2º e 3º

A adxudicación dos premios primeiro, segundo e terceiro farase en función dos puntos a outorgar en cada un dos seguintes criterios por parte do xurado:

- A orientación comercial da decoración, uso do produto, dificultade: ata 3 puntos.
- A creatividade, orixinalidade e innovación da decoración: ata 3 puntos.
- A iluminación do establecemento ou o impacto visual: ata 3 puntos.
- A composición e adecuada distribución espacial: ata 3 puntos.

As dúas persoas do xurado, nomeadas pola súa traxectoria profesional (percentes ao mundo comercial, artístico, da fotografía, do deseño e da decoración, do marketing ou equivalentes, alleas á organización da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal), asignarán a cada un dos escaparates visitados unha puntuación de 3, 2 ou 1 puntos en función da súa valoración de como responden a cada un dos parámetros anteriormente enunciados, correspondendo o 3 a unha valoración moi boa do parámetro avaliado, por riba da media, 2 a unha valoración correcta, na media dos establecementos avaliados e 1 a unha valoración regular, por debaixo da media dos establecementos avaliados.

Xa que haberá dúas persoas avaliadoras profesionais, cada establecemento contará con oito puntuacións, sendo a puntuación total a suma dos valores asignados por cada un dos/as xurados/as profesionais.

O premio primeiro corresponderá ao escaparate que rexistre unha maior puntuación total, o segundo premio ao que rexistre a segunda maior puntuación total e o terceiro ao establecemento que rexistre a terceira das maiores puntuacións totais. En caso de empate, éste resolverase a favor do establecemento que rexistre unha maior puntuación total en canto á orientación comercial da decoración, uso do produto e dificultade, de persistir o empate, éste resolverase a favor do establecemento que rexistre unha maior puntuación total en canto á creatividade, orixinalidade e innovación da decoración, de persistir o empate, éste resolverase a favor do establecemento que rexistre unha maior puntuación total en canto á iluminación do establecemento ou o impacto visual e, por último, de persistir o empate, éste resolverase a favor do establecemento que rexistre unha maior puntuación total en canto á composición e adecuada distribución espacial.

b) Segunda modalidade: Accésits

A adxudicación dos accésits farase polo xurado en función da apreciación dos criterios que se indican para cada un deles, resultando gañadores aqueles establecementos que obteñan respectivamente unha maior puntuación:

- A adxudicación do accésit á sostenibilidade farase tendo en conta o criterio de economía sostible, é dicir, o respecto co medio ambiente e o uso racional dos recursos naturais, materiais reutilizables, etc.
- A adxudicación do accésit á adecuación do escaparate ao produto farase tendo en conta a relación entre a decoración do escaparate e os produtos ou servizos comercializados.

As dúas persoas do xurado nomeadas pola súa traxectoria profesional **asignarán soamente a aqueles establecementos de entre todos os visitados que destaquen pola sustentabilidade ou adecuación do escaparate ao produto** unha puntuación de 3, 2 ou 1 puntos en función da súa valoración de como responden aos criterios anteriormente enunciados, correspondendo o 3 a unha valoración excelente do parámetro avaliado, 2 a unha valoración moi boa do parámetro avaliado e 1 a unha valoración boa do parámetro avaliado. Os accesits en cada unha das categorías outorgaranse aos establecementos que rexisten unha maior puntuación total en cada unha das mesmas. En caso de empate, éste resolverase a favor do establecemento que rexistrase unha maior puntuación na primeira das modalidades de premios.

c) Terceira modalidade: Votación popular

A adxudicación do premio correspondente á modalidade de votación popular farase en función do resultado da votación efectuada a través dos mecanismos establecidos polo Concello de Cambre ao efecto, resultando gañador o establecemento que rexistre un maior número total de votos.

A votación popular realizarase entre os establecementos admitidos para participar no Concurso de escaparates, quedando incorporadas as fotografías achegadas á web, ferramenta ou mecanismo que o Concello empregue para tal fin coa finalidade de poder ser votadas.

Poderá participar na votación popular calquera persoa que acceda a web, ferramenta ou mecanismo que habilite o Concello, coa limitación de que cada persoa soamente poderá votar unha vez, emitindo o seu voto por un único establecemento.

Poderán emitirse votos dende o momento en que se publique na web municipal e nas redes sociais municipais a relación de establecementos admitidos no Concurso de escaparates ata as 24:00 horas do día 26 de decembro de 2024.

No caso no que se detecten irregularidades na emisión de votos, como por exemplo os envíos masivos de votos por persoas rexistradas automaticamente e sen verificar a súa identidade ou mesmo a remisión de votos por medio de bots ou robots ou a remisión de votos procedentes de enderezos I.P. alleos ás entidades emisoras, se procederá á eliminación destes votos.

Novena.- Mecanismo habilitado para a votación popular.

Para computar os votos correspondentes á modalidade de votación popular empregárase unha páxina web propia para o XVI Concurso de Escaparates recuperada polos servizos técnicos municipais a partir da copia de seguridade da creada no ano 2023, que quedará aloxada no enderezo <https://concursoescaparates.cambre.gal/> ou noutro similar, na que poder votar. A web elaborárase a partir da copia de seguridade da empregada en 2023, empregando a ferramenta Wordpress, un CMS ou plataforma de xestión de contidos construída a partir dun software de código aberto, que permite crear e desenvolver sitios web personalizados. Paartindo dunha versión básica de Wordpress, engadíronse mellorass como o rexistro dun dominio ou o plan de sitio web avanzado Word.Press.com Creator, que permitiron instalar os plugins necesarios para poder xestionar o Concurso. No caso de Creator, este contou cun almacenamento de 50 GB e deu acceso a un CMS e á ferramentas de blogging, facilitando temas e patróns, un número de páxinas ilimitado, usuarios ilimitados, historial de cambios nas entradas, newsletter e RSS integrados, protección contra ataques de forza bruta e redireccións intelixentes, garantindo unha presenza online continuada. Proporcionou igualmente estatísticas de visitantes, protección contra spam de Akismet, publicacións compartidas automaticamente en redes sociais ilimitadas, sen anuncios, cun DNS súper rápido con SSL, servizo de soporte por correo electrónico e formularios de contacto. Con este plan accedeuse a temas premium, vídeos 4k con VideoPress, rexistro de actividade do sitio e estatísticas avanzadas, proveendo igualmente un servizo de soporte prioritario, cun amplo número de tutoriais (<https://wordpress.com/es/support/>) e permitindo complementar as estatísticas de WordPress.com cos informes de Google sobre os visitantes e o tráfico do sitio web, mediante Google Analytics, eliminando toda a publicidade de WordPress.com do sitio, facilitando unha personalización avanzada, cambiando a aparencia do sitio grazas as suas fontes e cores e contando cun CSS personalizado, xunto coa posibilidade de mellorar as entradas e páxinas con arquivos de vídeo ou audio. Por último, este plan permitiu engadir plugins ao sitio web (complementos que aportaron funcionalidades extra ou melloras aos programas, sumando a estes características), indispensables para a xestión do concurso. Ademais dalgúns plugins habilitados para mellorar o deseño e a aparencia do sitio, como Metaslider, que permitiu a incorporación de carruseis de imaxes ou Wp Go Maps, que facilitou a inclusión de mapas no sitio web, os plugins fixeron operativo o Concurso e incorporaron os axustes precisos para cumprir o estipulado nas bases da convocatoria foron Photo Contest WordPress Plugin (que permitiu organizar un concurso de fotografía on line

de forma sinxela), User Registration (que facilitou o rexistro de usuarios e o deseño de formularios de login) e Polylang (que engadiu a capacidade multilinguaxe a WordPress). Para poder votar implementouse un sistema de rexistro de usuarios que precisaba da existencia dun correo electrónico válido, debendo de activar cada participante (votante) o seu rexistro a partir dun correo electrónico remitido ao efecto polo sistema antes de poder emitir o seu voto. Deste xeito, asegurouse o cumprimento das limitacións establecidas nas bases en termos de un voto por persoa e un voto por escaparate, evitando os envíos masivos de votos por persoas rexistradas automaticamente e sen verificarse, ou mesmo a remisión de votos por medio de bots ou robots, para o que tamén quedaron recollidas as I.P. de emisión dos votos, o que facilitou poder detectar envíos procedentes de servidores ubicados en orixes con escasa relación co concurso.

No caso de que non sexa posible habilitar unha solución como a do ano pasado, os votos rexistraránse a través dun formulario web, sendo preciso neste caso rexistar un correo electrónico verificado aos efectos de poder votar, incorporándose fórmulas para evitar o envío masivo de correos a través de spam ou mesmo robots mediante o uso de ferramentas como reCaptcha V2 ou V3. O feito de que os votos rexistrados queden asociados a unha folia de cálculo que pode descargarse en tempo real, permitirá realizar actuacións aos efectos de evitar irregularidades na emisión de votos, ao quedar recopiladas tanto a dirección de correo como a hora exacta da votación. Trátase dun recurso menos automatizado, pero que igualmente permite detectar irregularidades na emisión de votos.

Décima.- Adxudicación dos premios correspondentes á terceira modalidade (votación popular).

Rematado o prazo de votación, e partindo dos datos obrantes na web, ferramenta ou mecanismo que o Concello habilite ao efecto, emitirase polos servizos técnicos municipais informe do seu resultado aos efectos oportunos.

Décimo primeira.- Adxudicación dos premios correspondentes á primeira e segunda modalidade (xurado).

A adxudicación dos premios correspondentes á primeira e segunda das modalidades (premios 1º, 2º, 3º e accesits), efectuarase a partir da valoración dun xurado composto por dous profesionais do mundo comercial, artístico, da fotografía, do deseño e da decoración, do marketing ou equivalentes, alleas á organización da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal, presidido polo concelleiro delegado da Axencia de Desenvolvemento Local, Turismo e Patrimonio ou pola persoa na que este/a delegue, con voz pero sen voto, actuando como secretario/a un/unha funcionario/a da área de Desenvolvemento Local do Concello. Aos efectos de garantir a obxectividade e imparcialidade no procedemento de adxudicación dos premios, todas as persoas integrantes do xurado asinarán a correspondente declaración de non atoparse incursas en causa de abstención ou recusación reguladas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, conforme ao modelo que se achega como Anexo II.

Os membros do xurado poderán visitar os establecementos participantes no concurso, de xeito conxunto ou individual, a partir do día 17 de decembro de 2024, sen necesidade de que medie aviso previo ao/á propietario/a do establecemento. Para compensar ás persoas que actúen como membros do xurado profesional estableceuse unha indemnización de 11,25 € por hora concreta de dedicación, cun máximo de 112,5 €, correspondéndolle a súa recepción unicamente aos profesionais do xurado alleo á organización da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal e ao Concello. Esta contía determinouse a partir do salario establecido no Convenio colectivo de comercio vario da provincia de A Coruña, en vigor ata o 31 de decembro de 2025, publicado no BOP do mércores 21 de xuño de 2023, tomándose como referencia o salario mensual correspondente á función de escaparata para o ano 2024, de 1.340,03 €, cun cómputo anual máximo de 1.790 horas e quince pagas, o que determina un custe horario de aproximadamente 11,25 €, cunha dedicación estimada máxima de 10 horas.

Unha vez finalizado o termo da votación popular, e emitido informe dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local relativo ao resultado da mesma, procederase a emitir o fallo do xurado para as modalidades primeira (premios 1º, 2º e 3º) e segunda (accesits), tendo en conta que na presente convocatoria do XVI Concurso de Escaparates de Nadal, un mesmo establecemento non pode resultar premiado en máis dunha modalidade do Concurso, polo que, unha vez se coñeza o resultado da votación popular, o establecemento co escaparate co maior número de votos na modalidade votación popular será excluído automaticamente do fallo do xurado.

O fallo do xurado quedará reflectido na correspondente acta, que será inapelable.

O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos se o considera oportuno. A participación suporá a aceptación da decisión do xurado.

Décimo segunda.- Pago dos premios.

Con carácter previo ao pagamento dos premios, comprobarase que as persoas físicas ou xurídicas titulares dos establecementos premiados propostos polo xurado e o que resulte máis votado na votación popular, estean ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia e que non sexan debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións ou por calquera outro concepto. Unha vez feita a comprobación, aqueles establecementos que teñan débedas non poderán ser perceptores do premio. Así mesmo, as persoas ou entidades participantes, mediante a sinatura da súa solicitude de participación no Concurso, autorizan ao Concello a realizar as comprobacións oportunas.

O alcalde, ou concelleiro en quen delegue, ditará resolución de aprobación de concesión dos premios das tres modalidades do concurso, dándose esta a coñecer a través da páxina web do Concello e das redes sociais municipais.

Posteriormente, ditarase resolución de recoñecemento e liquidación das obrigas en concepto de premios do XVI Concurso de escaparates do Nadal 2024, así como do seu aboamento. Na mesma resolución ditarase o recoñecemento e liquidación da indemnización fixada para compensar ás persoas que actúen como membros do xurado profesional, estimada en 11,25 euros/hora, cantidade que será cuantificada a partir do informe sobre as horas concretas de dedicación de cada membro do xurado profesional realizado polos servizos técnicos municipais, que se liquidará mediante transferencia bancaria. Para o financiamento destas indemnizacións existe crédito na aplicación orzamentaria 433 22699 "Outros gastos diversos promoc. activ. económica" polo importe de douscentos vinte e cinco euros (225,00 €).

Non poderán obter a condición de premiadas as persoas ou entidades nas que non concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios segundo o disposto no artigo 13 da lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

Os premios faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos titulares dos establecementos premiados. Para a realización do pagamento deberá presentarse polo beneficiario certificado do núm. IBAN de conta corrente titularidade do premiado.

Décimo terceira.- Aceptación das bases.

O feito de participar nesta acción de promoción comercial significa **aceptar** as **bases establecidas** polo Concello de Cambre, que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e que se quedarán expostas na páxina web municipal www.cambre.es. Ditas Bases poderán consultarse por calquera persoa interesada.

Con relación ás fotografías dos escaparates, os/as participantes ceden ao Concello de Cambre o dereito non exclusivo, gratuito, perpetuo, irrevocable e completamente sublicenciable para usar, reproducir, modificar, adaptar, publicar, traducir, crear obras derivadas, distribuír, e expoñer as mesmas.

Ao mesmo tempo, para participar no Concurso, cada participante declara e garante:

- Que as imaxes son unha creación súa e que non se apropiou delas, non as copiou, e que non derivan en parte ou na súa totalidade doutro traballo gráfico.
- Que non está violando ou infrinxindo ningún dereito de autor, marca rexistrada, privacidade ou dereito publicitario, ou calquera outro dereito persoal, de propiedade ou de propiedade intelectual de calquera persoa ou entidade.
- Que a súa fotografía non é difamatoria, inxuriosa, obscena ou ilegal de calquera outro xeito.
- Que é da súa propiedade única e exclusivamente e que ten os dereitos de distribución completos sobre a mesma.

Quedarán automaticamente descualificados e fora do Concurso os/as participantes que achegen fotografías ou contidos coa súa solicitude que non respecten as cuestións anteriormente indicadas.

Rexeitaranse do mesmo xeito as imaxes ou os contidos que poidan considerarse ofensivos, obscenos, inapropiados, racistas, vulgares, xenófobos, sexistas e/ou violentos, así como aqueles que atenten conta a dignidade e/ou decoro, e os



que poidan ferir sensibilidades, ser contrarios á lei, á moral e á orde pública, que sexan contrarios aos dereitos de terceiros/as sen o seu consentimento, que sexan contrarios a honra e á imaxe das persoas físicas e xurídicas, que faciliten información de carácter persoal (propia ou de terceiros), que non teñan relación co Concurso. Quedarán automaticamente descualificados e fora do Concurso os/as participantes que acheguen fotografías ou contidos coa súa solicitude que se axusten a algún perfil dos descritos anteriormente.

Coa aceptación das Bases do Concurso, os/as participantes asumen que a cesión de dereitos sobre as fotografías coas que poidan participar non lles confire ningún dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da participación no Concurso conforme as presentes Bases.

Coa aceptación das Bases do Concurso, os/as participantes consintan na realización dos axustes técnicos que por mor das necesidades da web ou ferramenta tecnolóxica habilitada ao efecto deban de realizarse na fotografía que remitan.

O Concello de Cambre non será responsable no caso de mal funcionamento da rede Internet que impida o normal desenvolvemento da modalidade de premios da votación popular por causas alleas ao Concello de Cambre.

No caso de que non sexa posible dispoñer dunha web ou ferramenta tecnolóxica habilitada ao efecto para poder efectuar a votación popular, poderá cancelarse a modalidade de premios da votación popular por parte do Concello.

De producirse incidencias que afectasen de forma significativa ao desenvolvemento ordinario do concurso, pese aos mecanismos que se habilitan para evitar a emisión de votos irregulares na modalidade de votación popular, poderá cancelarse esta modalidade de premios por resolución do Concelleiro delegado de desenvolvemento local, patrimonio e turismo.

Para calquera aclaración, establécense os seguintes teléfonos de contacto:

Axencia de Desenvolvemento Local: 981 613 196 / 981 613 128
adl@cambre.org

ANEXO I: SOLICITUDE PARTICIPACIÓN XVI CONCURSO ESCAPARATES NADAL 2024

DATOS DO/A PARTICIPANTE				
Apelidos e nome (empresario/a individual ou autónomo/a)				
Denominación social (persoa xurídica)				
Nome comercial				
NIF				
Actividade				
Enderezo				
C.P.		Localidade	Provincia	
Telefonos/s		Correo electrónico		
DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de persoas xurídicas)				
Apelidos e nome				
DNI/NIE				
En calidade de				
DATOS DO/A DECORADOR/A (de ser o caso)				
Apelidos e nome				
Cargo ou relación co establecemento				
FORMA NA QUE SE ACHEGA A FOTOGRAFÍA DO ESCAPARATE				
<input type="checkbox"/>	En formato electrónico xunto coa solicitude na sede electrónica do Concello			
<input type="checkbox"/>	Por correo electrónico			
LEMBRE ACHEGAR UNHA FOTOGRAFÍA DO SEU ESCAPARATE PARA INCORPORAR Á WEB				
<p>Declaro que os datos anteriores son certos e que coñezo e acepto as Bases deste Concurso.</p> <p>A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas na base oitava, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre. A presentación da presente solicitude comportará a autorización para a obtención de fotografías dos establecementos e/ou as persoas participantes no Concurso, así como para a utilización das imaxes do escaparate aportadas polo solicitante cos fins establecidos nestas Bases.</p>				
Cambre, ____ de _____ de 2024				
Sinatura do titular ou representante legal				
<p>De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.</p>				

ANEXO II: DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CAUSAS DE ABSTENCIÓN OU RECUSACIÓN

DATOS DO MEMBRO DO XURADO				
Apelidos e nome				
Tipo de xurado				
<input type="checkbox"/> Profesional <input type="checkbox"/> Concelleiro da área ou persoa na que delegue <input type="checkbox"/> Funcionario/a da ADL que actúa como secretario/a				
NIF				
Enderezo				
C.P.		Localidade	Provincia	
Telefono/s		Correo electrónico		
<p>Ao obxecto de garantir a obxectividade e imparcialidade no procedemento de adjudicación dos premios correspondentes ás modalidades do xurado do XVI Concurso de Escaparates do Concello de Cambre, a persoa abaixo firmante, como membro do xurado, DECLARO:</p> <p>Primeiro. Que estou informado/a de que o artigo 23 Abstención, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións nos que se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte, sendo estas:</p> <p>a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro na resolución do que puidera influir a de aquél, ser administrador/a de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algunha persoa interesada.</p> <p>b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos/as interesados/as, cos/as administradores/as de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos/as asesores/as, representantes legais ou mandatarios/as que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con éstos para o asesoramento, a representación ou o mandato.</p> <p>c) Tener amizade íntima ou enemistad manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.</p> <p>d) Ter intervido como perito ou como testigo no procedemento do que se trate.</p> <p>e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquear circunstancia ou lugar.</p> <p>Segundo. Que me comprometo a poñer en coñecemento do Concello de Cambre sen dilación calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dé ou puidera dar lugar ao antedito escenario.</p>				
Cambre, ____ de _____ de 2024				
Sinatura da persoa compoñente do xurado				
<p>De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.</p>				

Segundo: Aprobar o gasto correspondente por importe total de **catro mil douscentos vinte e cinco euros (4.225,00 euros)**, imputables ás aplicación orzamentarias 433 48100 “Becas e premios promoción empresarial” (4.000,00 euros) e 433 22699 “Outros gastos diversos promoc. activ. económica” (225,00 euros).

Terceiro: Publicar os presentes acordos no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobadas as Bases para a convocatoria do XVI Concurso de Escaparates do Nadal 2024 do Concello de Cambre, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na páxina web municipal.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da aprobación das Bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto: Dar traslado aos Servizos Económicos para os efectos oportunos.”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Boga Moscoso, quen explica a proposta.

Interveñen a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o concelleiro de UxC, Sr. Boga Moscoso, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 8 de outubro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Morales Barrientos, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 8 de outubro de 2024 (CVD: FYzkRp73yfms6BgJf0H8), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.4. PROPOSTA RELATIVA Á RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, TRANSPORTES E MEDIO AMBIENTE NÚM. 1241/2024, DO 17 DE OUTUBRO, DE APROBACIÓN DO PROXECTO CORRIXIDO INCLUÍDO NO POS+ADICIONAL 2/2023

Acceso á videoacta – 00:58:54 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 18 de outubro de 2024 (CVD: qZy54mFXgZ+JipQz6vPC), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, Medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, na sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2024, que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, TRANSPORTES E MEDIO AMBIENTE

Vista a resolución desta concellería núm. 1241/2024, do 17 de outubro, que transcrita di:

«RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, TRANSPORTES E MEDIO AMBIENTE

O Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 21 de setembro de 2023, aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2023” da Deputación Provincial da Coruña:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
ORDENACIÓN E URBANIZACIÓN ESPACIO PÚBLICO NA CONTORNA DO APEADEIRO CECEBRE	Gustavo Vázquez Herrero Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos. Col. 17.803	381.868,05 €

Con data 2 de novembro de 2023 recepcionouse notificación da Deputación Provincial da Coruña na que se comunicaba, entre outras cousas, que:

«(.../...) 1.- PROXECTO OU PREGO

O proxecto correspondente a este investimento foi supervisado polos Servizos Técnicos desta Deputación, emitíndose o 10 de outubro de 2023 un **informe desfavorable** que se transcribe a continuación:

"Examinada a documentación en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (art. 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; art. 6 do CTE aprobado por Real Decreto 314/2006; demais concordante), emítase INFORME DESFAVORABLE por considerar que non se cumpren os requisitos esixidos ao respecto:

- É insuficiente a xustificación do cumprimento de accesibilidade. Debe xustificarse o cumprimento da normativa de accesibilidade de aplicación estatal e autonómica (Orde TMA/851/2021, Lei 10/2014, do 3 de decembre, de accesibilidade e o Decreto 35/2000) nomeadamente no correspondente a itinerarios peonís accesibles (Faltan cotas no plano correspondente en relación á posición de varias árbores) e a reservade prazas de aparcadoiro accesibles.
- En relación ao arboredo existen discrepancias entre a memoria a medición e os planos." (.../...)

Con data 13 de novembro de 2023 e nº de rexistro 202399900007263, o redactor do proxecto presentou o proxecto corrixido de “Ordenación e urbanización espacio público na contorna do Apeadeiro Cecebre”, que foi remitido novamente á Deputación Provincial da Coruña.

Con data 30 de novembro de 2023 recibíuse novo requirimento da Deputación Provincial no que se comunicaba, entre outras cousas, que:

«(.../...) 1.- PROXECTO OU PREGO

O proxecto modificado correspondente a este investimento foi supervisado polos Servizos Técnicos desta Deputación, emitíndose o 27 de novembro 2023 un informe desfavorable que se transcribe a continuación:

"Examinada a documentación en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (art. 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; art. 6 do CTE aprobado por Real Decreto 314/2006; demais concordante), emítase INFORME DESFAVORABLE por considerar que non se cumpren os requisitos esixidos ao respecto

- A memoria xustifica adecuadamente a dimensión da praza de aparcadoiro accesible, mais nos planos as cotas indicadas non cumpren a normativa.
- Na memoria engádesse a aclaración da colocación dun sinal tipo S-28 que parece que non se engadiu no orzamento. En relación coa sinalización semella que falta o sinal vertical da praza accesible (art 35.5 da Orde TMA/851/2021)
- Na memoria se indica que se executarán os pavimentos tactis indicadores. É recomendable que se grafen nos planos. (.../...)

Con data 5 de decembro de 2023 e nº de rexistro 202300000007651, o redactor do proxecto presentou novo proxecto corrixido, que foi remitido á Deputación Provincial da Coruña para a súa revisión.

Con data 15 de decembro de 2023 recibíuse novo requirimento da Deputación Provincial no que se comunicaba, entre outras cousas, que:

«(.../...) **1.- PROXECTO OU PREGO**

O proxecto modificado correspondente a este investimento foi supervisado de novo polos Servizos Técnicos desta Deputación, emitíndose o 11 de decembro 2023 un informe desfavorable que se transcribe a continuación:

"Examinada a documentación en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (art. 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; art. 6 do CTE aprobado por Real Decreto 314/2006; demais concordante), emítase INFORME DESFAVORABLE por considerar que non se cumpren os requisitos esixidos ao respecto:

- Considérase que no espazo público urbanizado na contorna inmediata ao centro social pódese producir risco de caída debido ao desnivel de ata 45 cm existente neste espazo. Ao abeiro do art.30 da Orde TMA/851/2021 deberá colocarse unha varanda que cumpra coas especificacións do antedito artigo ou ben achegar outra proposta de deseño que cumpra a norma. (.../...)

Con data 18 de decembro de 2023 e nº de rexistro 202300000007966, o redactor do proxecto presentou novo proxecto corrixido, que foi remitido á Deputación Provincial da Coruña para a súa revisión.

Con data 5 de febreiro de 2024 recepciónouse a comunicación procedente da Deputación Provincial da Coruña que, entre outras cousas, di:

«(.../...) **1.- PROXECTO OU PREGO**

O proxecto modificado correspondente a este investimento foi supervisado de novo polos Servizos Técnicos desta Deputación, emitíndose o 30 de xaneiro 2023 un informe favorable polo que para seguir coa tramitación do expediente é necesario que acheguen a seguinte documentación:

- Aprobación do proxecto modificado de 18 de decembro de 2023 polo órgano competente do Concello

2.- AUTORIZACIÓNS

Por outra banda, lémbreselle que este investimento aprobouse polo Pleno desta Deputación na sesión ordinaria realizada o 27 de outubro do 2023 de forma **condicionada** ademais da supervisión favorable dos Servizos Técnicos desta Deputación, á obtención das seguintes autorizacións:

- Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)
- Autorización de Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF)
- Autorización de Patrimonio Cultural – Xunta (.../...)

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino o día 4 de outubro de 2024 (CVD: Tklvh1QnnqpxpyOaUI6R) que transcrito di:

«SECCION DE SERVICIOS»

Asunto: Conforme técnico municipal a proyectos elaborados externamente.

Obra: Ordenación y urbanización espacio público en el entorno del apeadero Cecebre.

Expediente: 2023/A008/000030.

INFORME

- A) El proyecto ha sido redactado por el Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos, Don Gustavo Vázquez Herrero, colegiado nº 17.803
- B) Según se desprende del índice del proyecto, los documentos que constan son:

- DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA

MEMORIA DESCRIPTIVA

ANEJOS:

- ANEJO Nº 1.- CARTOGRAFÍA Y TOPOGRAFÍA
 - ANEJO Nº 2.- PLAN DE OBRA
 - ANEJO Nº 3.- ACTA DE REPLANTEO PREVIA
 - ANEJO Nº 4.- FIRMES Y PAVIMENTOS
 - ANEJO Nº 5.- JUSTIFICACIÓN DE PRECIOS
 - ANEJO Nº 6.- SERVICIOS AFECTADOS
 - ANEJO Nº 7.- ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDAD Y SALUD
 - ANEJO Nº 8.- GESTIÓN DE RESIDUOS
 - ANEJO Nº 9.- ACCESIBILIDAD
 - ANEJO Nº 10.- PRESUPUESTO PARA CONOCIMIENTO DE LA ADMINISTRACIÓN
- DOCUMENTO Nº 2: PLANOS
 - PLANO Nº 1.- SITUACIÓN Y EMPLAZAMIENTO
 - PLANO Nº 2.- LEVANTAMIENTO TOPOGRÁFICO
 - PLANO Nº 3.- ESTADO ACTUAL
 - 3.1. FOTOGRAFÍAS PREVIAS
 - 3.2. PLANTA GENERAL
 - PLANO Nº 4.- CONDUCCIONES
 - 4.1. PLANTA GENERAL

4.2. PLANTA Y PERFILES LONGITUDINALES

4.3. PLANTA Y PERFILES TRANSVERSALES

✚ PLANO Nº 5.- ACTUACIONES

5.1. PLANTA GENERAL

5.2. TRAMOS 1, 2 Y 3 PLANTA SECCIONES

5.3. CENTRO SOCIAL Y TRAMO 4. PLANTA Y SECCIONES

5.4. DETALLES

✚ PLANO Nº 6.- SEÑALIZACIÓN HORIZONTAL

✚ PLANO Nº 7.- PLANO URBANÍSTICO

• DOCUMENTO Nº 3: PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS PARTICULARES

• DOCUMENTO Nº 4: PRESUPUESTO

✚ MEDICIONES

✚ CUADRO DE PRECIOS Nº1

✚ CUADRO DE PRECIOS Nº2

✚ PRESUPUESTO

✚ RESUMEN DEL PRESUPUESTO

C) Dentro de dichos documentos se encuentra:

- Plazo de ejecución y Plan de Obra.
- Declaración de Obra Completa.
- Anejo de Gestión de Residuos (valorado).
- Propuesta de clasificación del contratista: En cumplimiento de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014 y el Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas (modificado por R.D. 773/2015), no es exigible la clasificación del contratista. Podría ser la siguiente:

- ✓ Presupuesto Base de Licitación (sin IVA): 315.593,43 €
- ✓ Categoría 2 (cuantía del contrato igual o superior a 150.000 euros e inferior a 360.000 euros).
- ✓ Grupo G) Viales y pistas
- ✓ Subgrupo 6. Obras viales sin cualificación específica.
- ✓ Resumiendo: Categoría 2, Grupo G, Subgrupo 6

D) Precios:

El proyecto consta de varias unidades de obra, las cuales se ajustan a precios de mercado.»

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, de data 7 de outubro de 2024 (CVD: 1LJW3N5BObQwHnmD5viL), que transcrito di:

«SECCIÓN DE SERVICIOS

Departamento: 12

Expediente: 2023/A008/000030

Asunto: Cumprimento das condicións establecidas nas autorizacións sectoriais.

En relación coas autorizacións sectoriais outorgadas polo **Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF)**, organismo dependente do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, con data de rexistro de entrada do 22 de xullo de 2024 e con notificador de entrega de resolución 9629585669a3b9ad5ef7; a autorización outorgada pola **Axencia Galega de Infraestructuras (AXI)**, organismo dependente da Xunta de Galicia, con data de rexistro de entrada 26 de marzo de 2024 e número de rexistro de entrada 20240000001560; e a autorización outorgada pola **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**, organismo dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, con data de rexistro de entrada 27 de novembro de 2023 e número de rexistro de entrada 20230000005491, para a execución da obra denominada “*Ordenación y urbanización espacio público en el entorno del apeadero Cecebre*”, emítase o seguinte

INFORME

Revisado o contido das autorizacións concedidas, o proxecto cumpre coas condicións técnicas contida na autorización do ADIF e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Respecto da autorización da AXI, por parte deste técnico, deixase constancia que, no escrito do organismo autonómico sinálase no punto 1 das Condicións Particulares a obriga de dar continuidade á beirarrúa existente na fronte da rampla de acceso peonil ao campo de fútbol., cumpríndose o resto de condicións incluídas na autorización da Xunta de Galicia.

Consta no expediente municipal 2018/X999/000156 unha serie de oficios dirixidos á Axencia Galega de Infraestructuras, con data 19 de xuño de 2018, 11 de abril de 2019, 7 de abril de 2021 e 2 de abril de 2024, onde se solicita a execución dunha senda peonil entre o lugar de Catro Camiños e Apeadeiro, en Cecebre, así como unha moción presentada e aprobada por unanime, no pleno ordinario celebrado o 26 de setembro de 2024 para a execución de sendas peonís entre o lugar de Catro Camiños e a estrada DP-0102, preto do límite municipal con Abegondo.

Non procede, por tanto, executar unha beirarrúa por parte desta Administración local xunto ó acceso peonil ó campo de fútbol, ó atoparse dita actuación fóra do ámbito de actuación do proxecto para o que se solicita autorización, feito o que se debe sumar que, este novo tramo de beirarrúa verase afectado pola futura construción da senda peonil demandada por parte do Concello de Cambre.

O que se informa para os efectos oportunos.»

En uso das atribucións que me foron delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 469/2024, do 12 de abril, **RESOLVO:**



Primeiro.- Aprobar o proxecto corrixido denominado “*Ordenación y urbanización espacio público en el entorno del Apeadero Cecebre*”, incluído no POS+ Adicional 2/2023, asinado dixitalmente o 18 de decembro de 2023 polo seu redactor, o enxeñeiro de camiños, canles e portos don Gustavo Vázquez Herrero (colexiado nº 17803).

Segundo.- Someter a eficacia deste acordo á condición suspensiva da súa ratificación polo Pleno municipal.

Terceiro.- Remitir esta resolución á Deputación Provincial da Coruña.»

Propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Ratificar a Resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente núm. 1241/2024, do 17 de outubro, de aprobación do proxecto corrixido denominado “*Ordenación y urbanización espacio público en el entorno del Apeadero Cecebre*”, incluído no POS+ Adicional 2/2023, asinado dixitalmente o 18 de decembro de 2023 polo seu redactor, o enxeñeiro de camiños, canles e portos don Gustavo Vázquez Herrero (colexiado nº 17803).

Segundo.- Remitir certificación deste acordo á Deputación Provincial da Coruña.”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Interveñen o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

(Cando son as doce horas e dous minutos, auséntase do salón de sesión a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, que se reincorpora cando son as doce horas e catro minutos)

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 18 de outubro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Morales Barrientos, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerio Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 18 de outubro de 2024 (CVD: qZy54mFXgZ+JipQz6vPC), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.5. PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO PLENARIO ADOPTADO EN DATA 2 DE FEBREIRO DE 2024 RELATIVO Á APROBACIÓN DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024

Acceso á videoacta – 01:09:04 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 21 de outubro de 2024 (CVD: HZlIR/sn4GeoyZ2JdBmU), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, Medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, na sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2024, que transcrita di:

“PROPOSTA AO PLENO

O Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 2 de febreiro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”.

Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña recibido o 25 de marzo de 2024, no que se solicita, entre outros, o seguinte:

«(...)

Respecto da DENOMINACIÓN solicítolle aclaración no seguinte sentido:

- No proxecto e nos Anexos V e VI aparece como "Nova parada de bus e remodelación do entorno na rúa Tapia".

- No acordo plenario indican "Remodelación da parada de bus rúa Tapia".

Deberá coincidir a mesma denominación no acordo plenario, no proxecto e en todos os Anexos. (...)»

Comprobada a denominación do proxecto elaborado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Álvaro Vázquez Herrero, que transcrito ao galego di: “Nova parada de bus e remodelación do entorno na rúa Tapia, Cambre (A Coruña).”

Propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Corrixir a primeira taboa do apartado primeiro, letra B, do acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”, adoptado polo Pleno municipal o día 2 de febreiro de 2024, de xeito que:

Onde di:

“(....) B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre. Fase 2	42.603,83	0.00	0,00	0.00	42.603,83€

Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no edificio sociocultural na parroquia de Cela. Concello de Cambre	104.704,65	0,00	0,00	0,00	104.704,65€
Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 1	173.393,63	0,00	0,00	0,00	173.393,63€
Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre	87.304,04	0,00	0,00	0,00	87.304,04€
Subtotal investimentos achega provincial 2024	408.006,15	0,00	0,00	0,00	408.006,15€

(.../...)

Debe dicir:

«(...) B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	
Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre. Fase 2	42.603,83	0,00	0,00	0,00	42.603,83€
Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no edificio sociocultural na parroquia de Cela. Concello de Cambre	104.704,65	0,00	0,00	0,00	104.704,65€
Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 1	173.393,63	0,00	0,00	0,00	173.393,63€
Nova parada de bus e remodelación do entorno na rúa Tapia, Cambre (A Coruña).	87.304,04	0,00	0,00	0,00	87.304,04€
Subtotal investimentos achega provincial 2024	408.006,15	0,00	0,00	0,00	408.006,15€

(.../...)

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Interveñen o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 21 de outubro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Morales Barrientos, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 21 de outubro de 2024 (CVD: HZIIr/sn4GeoyZ2JdBmU), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.6. PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE A BERNARDO DÍEZ GARCÍA PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADE PRIVADA PROFESIONAL CO DESEMPEÑO DO POSTO DE PERSOAL EVENTUAL COMO ASESOR DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 01:22:26 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta de Alcaldía de data 23 de outubro de 2024 (CVD: Ta5kxFrr6CapN/LDpAgP), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Recursos Humanos, Cultura, Deportes e Xuventude, na sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2024, que transcrita di:

“PROPOSTA DE ACORDO

Visto que un posto de Asesor de Alcaldía cunha xornada a tempo parcial do 85% se atopa vacante e que a quen se propón para a súa ocupación, don Bernardo Díez García, atópase exercendo actividade privada retribuída.

Visto o escrito de don Bernardo Díez García con rexistro de entrada número 202499900005934 do pasado 16 de setembro polo que se solicita a compatibilidade para seguir exercendo a súa actividade privada renunciando ao cobro do complemento específico que lle corresponde a dito posto.

Visto o informe emitido sobre o particular polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 18 de setembro de 2024 (CVD: +pKRmAdZg+RojJTsNCyF) que transcrito di:

“Área de Urbanismo e Réxime Interior

En relación coa Providencia de Alcaldía de data 9 de setembro de 2024 sobre o nomeamento de don Bernardo Díez García como persoal eventual no posto de Asesor de Alcaldía e coa solicitude deste do pasado 16 de setembro, emítense o seguinte

I N F O R M E

1º) O persoal eventual é o que con carácter non permanente exerce funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo libres o seu nomeamento e cesamento, como se establece no artigo 12 do Texto

Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015.

Pola súa parte, o artigo 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, dispón igualmente que o nomeamento e o cesamento deste persoal son libres e correspóndenlle á persoa titular da alcaldía. En todo caso, cesa automaticamente cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento especial.

De igual modo se manifesta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 104.

2º) Na RPT actualmente en vigor (BOP núm: 202 de 23/10/2023) existen dous postos de persoal eventual coa denominación de asesor de Alcaldía, os dous coas mesmas funcións, clasificación e retribucións, se ben un deles se encontra actualmente vacante.

A través de acordo do Pleno desta Corporación adoitado en sesión celebrada o 31 de xullo de 2024 se acordou aprobar inicialmente unha modificación da RPT pola que, entre outras cuestións relativas ao persoal eventual, se modifica a xornada a tempo completo dun destes postos de asesor de Alcaldía por outra a tempo parcial do 85% da xornada laboral, reducíndose proporcionalmente as súas retribucións, sen que se modifiquen nin a súa denominación, funcións e clasificación que seguen sendo as mesmas.

Esta modificación da RPT que afecta exclusivamente ao persoal eventual se encontra sometida actualmente a información pública (BOP núm: 165 do 28 de agosto do 2024), a cal concluirá o próximo 25 de setembro.

3º) De conformidade cos artigos 12-5 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 31 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, ao persoal eventual seralle de aplicación o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Un dos principios xerais deste réxime é o de que o desempeño dun posto de traballo público será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, pública ou privada, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes, como se establece no artigo 1-3 da Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

A súa vez o artigo 14 desta Lei 53/1984 determina que o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fora das administracións públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.

Constátase que por o proposto para o nomeamento como persoal eventual, don Bernardo Díez García, se está exercendo a actividade privada de exercicio da avogacía que lle incompatibilizaría para o exercicio deste cargo público. Por elo, con data do pasado 16 de setembro por este presentouse solicitude para que se lle conceda a compatibilidade para seguir exercendo a súa actividade, de conformidade co artigo 14 da Lei 53/1984 citado, profesional de avogado no exercicio de cargo eventual de asesor de Alcaldía.

Para poder recoñecer esta compatibilidade para o exercicio de actividades privadas o persoal non poderá ter asignado un complemento específico que supere o 30% da súa retribución básica, como establecen a Disposición Transitoria Novena apartado 2º, da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia e o artigo 16.4 da citada Lei 53/1984, a non ser que polo interesado se renuncie á percepción deste complemento específico, como se indica igualmente na mesma Disposición Transitoria Novena.

Neste posto de Asesor de Alcaldía dita porcentaxe do 30% da retribución básica é superada polo complemento específico que ten asignado este posto polo que o interesado don Bernardo Díez García na solicitude de recoñecemento de compatibilidade indicada renuncia tamén ao cobro do complemento específico asignado a dito posto de Asesor de Alcaldía.

4º) O órgano competente para o recoñecemento da compatibilidade para o exercicio de actividades privadas é o Pleno da Corporación, de acordo co artigo 14 da citada Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, sendo esta competencia discrecional e non regrada.

Polo que en base a elo, se o Pleno da Corporación resolve recoñecer dita compatibilidade sería factible o nomeamento do antes citado para o posto eventual de Asesor de Alcaldía sen o complemento específico que o mesmo ten asignado."

Vista documentación aportada en data 8 de outubro de 2024 por don Bernardo Díez García con rexistro de entrada 2024999000006480 a requirimento da interventora municipal.

Visto o informe da interventora municipal do 20 de outubro de 2024 (CVD: R/W0h4v+1oW358WTV04F) que entre outras cousas di:

“ (...)

IV) CONCLUSIÓNS.

1.- (X*.A) Na contabilidade do exercicio 2024 existe crédito axeitado e suficiente para o nomeamento do personal eventual a que se refire a providencia de alcaldía de 09.09.2024 (CVD: CVD: wniccbgS17GvCAuh38m4)). A existencia de crédito axeitado e suficiente para, no seu caso, os exercicios sucesivos queda condicionada á efectiva consignación nos orzamentos correspondentes.

2.- (X*.B) O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 30 de maio de 2024, rexeitou a proposta de aprobación inicial do Orzamento xeral e do cadro de persoal do Concello de Cambre para o exercicio 2024, xunto coa emenda da Alcaldía de data 29 de maio de 2024 (CVD: IOt+1hPGpj7xI39PjyT). Cumprido o requisito do artigo 197 bis.3 da LOREG, na sesión plenaria de 06.06.2024:

“(…)Visto canto antecede, elevo ao Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a cuestión de confianza presentada pola Alcaldía entendéndose esta outorgada.

Segundo.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2024, xunto cos seus anexos e Bases de execución, coa modificación ao Anexo de Persoal, partida 912: Personal de confianza (Libre designación) nos termos da emenda formulada pola Alcaldía o 29 de maio de 2024 (CVD: IOt+1hPGpj7xI39PjyT), por importe de 21.080.437,96 euros, co seguinte resumo por capítulos:

(…)

Cuarto.- Aprobar o cadro de persoal do Concello de Cambre para o ano 2024 segundo se transcribe a continuación:

(…)

PERSOAL EVENTUAL	
Denominación Posto de Traballo	Número de prazas
1 Asesor/a Alcaldía	De confianza
1 Asesor/a Alcaldía (85% xornada tempo parcial)	De confianza
1 Asesor/a de Cultura, Deportes e Xuventude	De confianza
1 Asesor/a de Servizos Sociais e Recursos Humanos	De confianza
2 Asesores/as de Obras, Servizos, Urbanismo, Transportes e Medio Ambiente	De confianza

(…)

A Sra. secretaria informa que, á vista do resultado da votación (10 votos a prol e 11 votos en contra), non se entende outorgada a confianza.

Á vista do resultado da votación non se aproba a proposta de Alcaldía de data 3 de xuño de 2024 (CVD: dPQXyR2Ybh0DAea8vFbn), anteriormente transcrita.(...)"

De conformidade có artigo 197.bis.5 da LOREG, transcurrido o prazo dun mes dende a votación sen que se presentase unha moción de censura con candidato/a alternativo a Alcalde/esa entendeuse outorgada a confianza e aprobado inicialmente o orzamento 2024. A tal efecto, inseriuse anuncio de aprobación inicial no BOP núm. 134 de 12.07.2024 sendo aprobado definitivamente có anuncio inserido no BOP número 153 de 09.08.2024

3.- (X*.C) Na data de sinatura do presente informe (20.10.2024) non consta publicación no BOP do edito de aprobación definitiva da modificación da Relación de Postos de Trballo, aprobada inicialmente en sesión plenaria de 27.06.2024.

4.- (X*.D) De conformidade có artigo 12 do TREBEP, o persoal eventual só realiza **funcións** expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial as cales o artigo 29 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia concreta do seguinte xeito:

"(...)

2. A los efectos previstos en este artículo, se entiende por funciones de confianza o asesoramiento especial aquellas en las que **concurran las siguientes circunstancias:**

a) Asesoramiento vinculado al desempeño y planteamiento de estrategias y propuestas de actuación o difusión en el ámbito de las competencias de la autoridad que efectuó el nombramiento, o apoyo que suponga una colaboración de carácter reservado.

b) No estar reservadas a personal funcionario.

c) Especial dedicación y disponibilidad horaria.

3. El personal eventual **en ningún caso puede realizar actividades ordinarias de gestión o de carácter técnico ni ninguna de las funciones que corresponden al personal funcionario de carrera.**"

Poden extraerse as seguintes notas sobre o alcance das funcións do persoal eventual, perfectamente aplicables ao persoal desta natureza que serve ás entidades locais:

- As funcións de asesoramento especial e de confianza non poden cubrir tarefas propias dos funcionarios públicos, relacionadas co exercicio da autoridade, e, en xeral, calquera actuacións formais na Administración, como a formulación de propostas en procedementos administrativos, a evacuación de informes preceptivos ou a integración, na condición de membros, en órgano colexiados das Administracións. A súa interpretación, ademais, debe facerse cun criterio restritivo.

- O asesoramento especial pode ser un asesoramento experto (o propio dun profesional como un arquitecto, un xurista ou calquera outro técnico), pero non pode suplir nin condicionar formalmente o asesoramento ordinario que corresponde ás canles burocráticas da Administración.

- Os labores de confianza préstanse a favor da autoridade e no marco das súas funcións públicas (a Lei refírese a que estes empregados públicos o son ao servizo dos intereses xerais), non se poden entender como funcións de confianza ou de asesoramento especial tarefas completamente alleas á Administración, como as actividades de mero interese persoal da autoridade ou do partido ao que pertence.

Non consta no expediente 2024/G006/000195 descripción das funcións que van a desempeñar don Bernardo Díez García como persoal eventual no posto de Asesor de Alcaldía polo que non podo pronunciarme en relación a se as mesmas respectan os artigos antes citados.

5.- (X*.E) O sometemento ao Pleno da Corporación da concesión de compatibilidade a don Bernado Díez García debe ser **POSTERIOR** ao seu nomeamento como persoal eventual por canto o réxime de incompatibilidades regulado la Lei 53/1984

do 26 de decembro se aplica, precisamente, ao persoal comprendido no seu ámbito de aplicación entre o cal encóntrase o persoal ao servizo das Corporacións Locais.

No caso de que o criterio do Pleno da Corporación sexa o de considerar a concesión da compatibilidade con carácter previo ao nomeamento de don Bernado Díez García como persoal eventual, debe ter presente que o despacho de abogados ao que éste pertence en calidade de Administrador Solidario ("DELFA LOSA ABOGADOS, S.L.P.") prestou ao Concello de Cambre, nos últimos dous anos, os seus servizos profesionais mediante a representación e defensa letrada nos seguintes recursos contenciosos e procedementos laborais:

Nº de Expediente Tedec	Fecha de entrada	Número factura	Número registro contable	Fecha de factura	Nombre proveedor	Concepto factura	Importe total
2022/T003/001666	2022-07-26 00:00:00	22 175	2022/1571	2022-07-26 00:00:00	DELFA LOSA ABOGADOS SLP	COMPARECENCIA ANTE SALA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO POR INADMISIÓN RECURSO XUNTA DE GALICIA PROC.ORDINARIO 4063/2019. Vía Ártabra, Trecho AC-221 (Polígono de Cambre) Autopista AP-9 - Autopista A-6	3630,00
2022/T003/002076	2022-09-22 00:00:00	22 207	2022/1978	2022-09-22 00:00:00	DELFA LOSA ABOGADOS SLP	COMPARECENCIA POR INADMISIÓN DE CASACIÓN PROCESO ORDINARIO 4004/2019. Vía Ártabra, Trecho AC-221 (Polígono de Cambre) Autopista AP-9 - Autopista A-6	3630,00
2023/T003/000722	2023-02-08 00:00:00	23 25	2023/716	2023-02-07 00:00:00	DELFA LOSA ABOGADOS SLP	COMPARECENCIA ANTE JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 5 PROCEDIMIENTO DE DERECHOS FUNDAMENTALES 687/2022 SENTENCIA 551/2022	2178,00
2023/T003/000723	2023-02-08 00:00:00	23 24	2023/717	2023-02-07 00:00:00	DELFA LOSA ABOGADOS SLP	COMPARECENCIA ANTE JUZGADO DE LO SOCIAL Nº5 PROCEDIMIENTO DE DESPIDO/CESES 576/2022 INTERP. POR BÁRBARA CAÑIZO	2238,5
2023/T003/000770	2023-02-15 00:00:00	23 56	2023/764	2023-02-15 00:00:00	DELFA LOSA ABOGADOS SLP	COMPARECENCIA ANTE JUZGADO DE LO SOCIAL Nº5 PROCEDIMIENTO DE DESPIDO/CESES 578/2022 MARIA DOLORES BARREIROS	2299,00
2023/T003/001664	2023-04-21 00:00:00	23 84	2023/1645	2023-04-21 00:00:00	DELFA LOSA ABOGADOS SLP	COMPARECENCIA ANTE JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 6 PROCED. DERECHOS FUND. 726/2022 INTERPUESTO POR BÁRBARA CARIDAD CAÑIZO	2178,00

Respecto dos citados procedementos, don Bernado Díez García declara (núm. de rexistro de entrada 202499900006480 de data 08.10.2024)

"(...)Todos los procedimientos referidos ya han terminado con sentencia firme, favorable en todos los casos a los intereses y/o pretensiones del Ayuntamiento de Cambre, por lo que los servicios profesionales prestados a dicha entidad local por dicha Sociedad Limitada Profesional ya han finalizado(...)"

Asemade no programa de tramitación administrativa Tedec constan no actual exercicio os seguintes expedientes que, se ben non chegaron a término, se expoñen a continuación en aras a garantir a transparencia:

1. Expediente tedec 2024/A008/000024 denominado "D12-SOLICITUD DE SUBVENCION PUBLICADA EL 27 DE DICIEMBRE DE 2023 POR LA QUE SE ESTABLECEN LS BASES REGULADORAS Y SE ANUNCIA LA CONVOCATORIA, MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTO, DEL PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA LA PLANIFICACIÓN ENERGÉTICA DE ENTIDADES LOCALES Y COMUNIDADES ENERGÉTICAS, ANUALIDAD 2024" no cal, figura o documento denominado OFERTA PARA PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA DE COMUNIDADE ENERXÉTICA EN FASE DE CONSTITUCIÓN NO CONCELLO DE CAMBRE, solicitada polo CONCELLO DE CAMBRE (CIF P1501700G) presentado polo despacho de abogados DELFA LOSA ABOGADOS, SLP o 08.05.2024 (núm. rexistro de entrada 202499900002770). En base ao citado documento, por resolución núm. 627/2024 de 15 de maio do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente (CVD: xAUHTz8BJjUPMPDYEsRf) solicitouse unha subvención ao abeiro do disposto na Resolución do 14 de decembro de 2023, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, publicada no DOG núm. 244, do 27 de decembro de 2023, por importe de 15.000€.
2. Expediente tedec 2024/C002/000043 denominado "D12-ASISTENCIA TÉCNICA PARA LOS TRABAJOS DE ELABORACIÓN DE LA DOCUMENTACIÓN TÉCNICO - LEGAL NECESARIA PARA LA CREACIÓN DE UNA COMUNIDAD ENERGÉTICA, CON EL OBJETIVO DE ACCEDER A LAS LÍNEAS DE AYUDAS PÚBLICAS PREVISTAS", no que figura unha invitación pola que se solicita oferta ao despacho de abogados DELFA LOSA ABOGADOS SLP de data 10.07.2024 (núm. de rexistro de saída 202400000002783)
3. Expediente tedec 2024/C002/000055 denominado "D12-ASISTENCIA TÉCNICA PARA LOS TRABAJOS DE ELABORACIÓN DE LA DOCUMENTACIÓN TÉCNICO - LEGAL NECESARIA PARA LA CREACIÓN DE UNA COMUNIDAD ENERGÉTICA, CON EL OBJETIVO DE ACCEDER A LAS LÍNEAS DE AYUDAS PÚBLICAS PREVISTAS", no que figura unha invitación pola que se solicita oferta ao despacho de abogados DELFA LOSA ABOGADOS SLP de data 06.08.2024 (núm. de rexistro de saída 202400000003139).

(.....)"

Vista a nota informativa nº 78/2024 emitido pola secretaria xeral o 22 de outubro de 2024 (CVD: zplgp/j5z4rHDR6A7gEb), que transcrito di:

"NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 78/2024

Remitido a esta Secretaría o día 21 de outubro de 2024 a través da plataforma TEDEC o expediente 2024/G006/000195, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo, a ausencia da funcionaria que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral, da necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que a presente nota informativa emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que, de ser preciso, poderá ser ampliada.

Sentado o anterior, fanse as seguintes consideracións:

Consta no expediente informe do técnico de Administración xeral, don Fernando Manuel Garrido Negreira de data 18 de setembro de 2024(CVD: +pKRmAdZg+RojJTsNCyF), no que, entre outras cousas sinala :

"(../...)Constátase que por o proposto para o nomeamento como persoal eventual, don Bernardo Díez García, se está exercendo a actividade privada de exercicio da avogacía que lle incompatibilizaría para o exercicio deste cargo público. Por elo, con data do pasado 16 de setembro por este presentouse solicitude para que se lle conceda a compatibilidade para seguir exercendo a súa actividade, de conformidade co artigo 14 da Lei 53/1984 citado, profesional de avogado no exercicio de cargo eventual de asesor de Alcaldía.

Para poder recoñecer esta compatibilidade para o exercicio de actividades privadas o persoal non poderá ter asignado un complemento específico que supere o 30% da súa retribución básica, como establecen a Disposición Transitoria Novena apartado 2º, da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia e o artigo 16.4 da citada Lei 53/1984, a non ser que polo interesado se renuncie á percepción deste complemento específico, como se indica igualmente na mesma Disposición Transitoria Novena.

Neste posto de Asesor de Alcaldía dita porcentaxe do 30% da retribución básica é superada polo complemento específico que ten asignado este posto polo que o interesado don Bernardo Díez García na solicitude de recoñecemento de compatibilidade indicada renuncia tamén ao cobro do complemento específico asignado a dito posto de Asesor de Alcaldía.

4º) O órgano competente para o recoñecemento da compatibilidade para o exercicio de actividades privadas é o Pleno da Corporación, de acordo co artigo 14 da citada Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, sendo esta competencia discrecional e non regrada.

Polo que en base a elo, se o Pleno da Corporación resolve recoñecer dita compatibilidade sería factible o nomeamento do antes citado para o posto eventual de Asesor de Alcaldía sen o complemento específico que o mesmo ten asignado."

Consta tamén no expediente informe da sra. Interventora municipal de data 20 de outubro de 2024 CVD: R/W0h4v+1oW358WTV04F) no que nos apartados 4 e 5 das conclusións sinala, entre outras cousas, o seguinte:

"4.- (X*.D) De conformidade có artigo 12 do TREBEP, o persoal eventual só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial as cales o artigo 29 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia concreta do seguinte xeito:

"(...) 2. A los efectos previstos en este artículo, se entiende por funciones de confianza o asesoramiento especial aquellas en las que **concurran las siguientes circunstancias:**

- a) Asesoramiento vinculado al desempeño y planteamiento de estrategias y propuestas de actuación o difusión en el ámbito de las competencias de la autoridad que efectuó el nombramiento, o apoyo que suponga una colaboración de carácter reservado.
- b) No estar reservadas a personal funcionario.
- c) Especial dedicación y disponibilidad horaria.

3. El personal eventual en ningún caso puede realizar actividades ordinarias de gestión o de carácter técnico ni ninguna de las funciones que corresponden al personal funcionario de carrera."

Poden extraerse as seguintes notas sobre o alcance das funcións do persoal eventual, perfectamente aplicables ao persoal desta natureza que serve ás entidades locais:

- *As funcións de asesoramento especial e de confianza non poden cubrir tarefas propias dos funcionarios públicos, relacionadas co exercicio da autoridade, e, en xeral, calquera actuacións formais na Administración, como a formulación de propostas en procedementos administrativos, a evacuación de informes preceptivos ou a integración, na condición de membros, en órgano colexiados das Administracións. A súa interpretación, ademais, debe facerse cun criterio restritivo.*
- *O asesoramento especial pode ser un asesoramento experto (o propio dun profesional como un arquitecto, un xurista ou calquera outro técnico), pero non pode suplir nin condicionar formalmente o asesoramento ordinario que corresponde ás canles burocráticas da Administración.*
- *Os labores de confianza préstanse a favor da autoridade e no marco das súas funcións públicas (a Lei refírese a que estes empregados públicos o son ao servizo dos intereses xerais), non se poden entender como funcións de confianza ou de asesoramento especial tarefas completamente alleas á Administración, como as actividades de mero interese persoal da autoridade ou do partido ao que pertence. Non consta no expediente 2024/G006/000195 descripción das funcións que van a desempeñar don Bernardo Díez García como persoal eventual no posto de Asesor de Alcaldía polo que non pode pronunciarme en relación a se as mesmas respectan os artigos antes citados.*

5.- (X*.E) *O sometemento ao Pleno da Corporación da concesión de compatibilidade a don Bernardo Díez García debe ser POSTERIOR ao seu nomeamento como persoal eventual por canto o réxime de Incompatibilidades regulado la Lei 53/1984 do 26 de decembro se aplica, precisamente, ao persoal comprendido no seu ámbito de aplicación entre o cal encóntrase o persoal ao servizo das Corporacións Locais.*

No caso de que o criterio do Pleno da Corporación sexa o de considerar a concesión da compatibilidade con carácter previo ao nomeamento de don Bernardo Díez García como persoal eventual, debe ter presente que o despacho de abogados ao que éste pertence en calidade de Administrador Solidario ("DELFA LOSA ABOGADOS, S.L.P.") prestou ao Concello de Cambre, nos últimos dous anos, os seus servizos profesionais mediante a representación e defensa letrada nos seguintes recursos contenciosos e procedementos laborais:
(.../...)"

Esta Secretaría comparte o sinalado no fundamento de dereito o II.1 e nas conclusións anteriormente transcritas do informe da Interventora municipal .

O artigo 2.1 c) da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Admnsitracións Públicas establece , polo que respecta ao seu ámbito de aplicación que :

"1. La presente Ley será de aplicación a:

(.../...)

c) El personal al servicio de las Corporaciones Locales y de los Organismos de ellas dependientes.

(.../...)"

O sr. Bernardo Díez García non é ao día da data persoal ao servizo desta Corporación, polo que a xuízo da que subscribe , como tamén sinala a intervención municipal, o sometemento ao Pleno da concesión de compatibilidade debería ser posterior ao seu nomeamento , no seu caso, como persoal eventual.

É que expoño nesta nota informativa que é o resultado da análise dos documentos examinados, e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, e polo sinalado na cuestión previa ,requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación."

Visto o informe emitido en data 23 de outubro do 2024 polo xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior (CVD: FaOuPdeTpObVraeNEyVQ), que transcrito di:

"INFORME AREA DE URBANISMO E RÉXIME INTERIOR

A petición da Alcaldía respecto a si o sometemento ao Pleno da Corporación do recoñecemento da compatibilidade solicitada por don Bernardo Díez García debe de ser posterior ao seu nomeamento como persoal eventual, emítese o

seguinte

INFORME

1º.- Ao persoal eventual lle é de aplicación o réxime xeral dos funcionarios de carreira, como establece o artigo 31 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

Un dos principios deste réxime xeral é que o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fora das administracións públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade, como determina o artigo 14 da lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Como xa se indicou no informe emitido por esta Area do pasado 18 de setembro que obra no expediente, por don Bernardo Díez García, proposto para o nomeamento como persoal eventual, se está exercendo a actividade privada da Avogacía que lle incompatibilizaría para o exercicio deste cargo público, polo que a través do escrito do día 16 do mesmo mes de setembro solicita a concesión de compatibilidade para seguir exercendo a súa actividade profesional de avogado no exercicio de cargo eventual de asesor de Alcaldía; ao mesmo tempo que, a través do mesmo escrito, renuncia ao complemento específico asignado a dito posto de persoal eventual, renuncia necesaria para a concesión de tal compatibilidade de acordo coa disposición transitoria novena -2 da citada Lei 2/2015.

Pois ben, se o que accede a un posto público viñera realizando una actividade privada que requira o recoñecemento de compatibilidade, como é o suposto que nos ocupa, esta compatibilidade deberá obterse antes de comezar o exercicio das súas funcións públicas, como establece o apartado 3 do artigo 13 do Real Decreto 598/1985 sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos entes, organismos e empresas dependentes, polo que haberá que concluír que o recoñecemento da compatibilidade non ten porqué ser posterior ao seu nomeamento como funcionario eventual.

2.- Neste mesmo sentido xa se pronunciou o Pleno desta Corporación cando a través do acordo adoptado en sesión celebrada o 24 de setembro de 2020 recoñeceu a don José Antonio Riveiro Rodríguez a compatibilidade para o exercicio da actividade privada profesional na empresa "UTE Grúa A Coruña" para o desempeño do posto de persoal eventual de asesor de Patrimonio, sendo nomeado posteriormente a dito acordo persoal eventual, a través de resolución de Alcaldía de data 1 de outubro de 2020, sen que dito acordo plenario e o nomeamento posterior á concesión da compatibilidade foran obxecto de informe negativo algún."

Formulo ao Pleno da Corporación como órgano competente para iso, de conformidade co artigo 14 da lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Recoñecer a don Bernardo Díez García a compatibilidade para o exercicio de actividade privada profesional da avogacía no desempeño do posto de persoal eventual deste concello de asesor da Alcaldía sen a percepción de complemento específico, de conformidade co artigo 14 da Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas."

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Díaz Baldomir, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de Alcaldía de data 23 de outubro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Morales Barrientos, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.



Votos en contra: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy e Rodríguez López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta de Alcaldía de data 23 de outubro de 2024 (CVD: Ta5kxFrr6CapN/LDpAgP), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.7. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 01:25:24 horas

A Sra. Presidencia intervéen e manifesta que hai unha moción do grupo municipal do PP, rexistrada de entrada ao núm. 202499900006877 o día 25 de outubro de 2024, relativa á creación dun centro de información á muller (CIM) no Concello de Cambre, e concede o uso da palabra á voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, quen di que o Grupo Popular, en vésperas do 25 de novembro, trae a este pleno unha moción para pedir a aprobación e o apoio de todos os grupos municipais nun tema tan sensible, tan delicado, como é a violencia sobre as mulleres.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do citado asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Piñeiro Fernández, quen dá lectura á moción que, redactada en castelán e transcrita ao galego, di:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE CAMBRE CON MOTIVO DA NECESIDADE DE CREACIÓN DUN CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Con motivo do 25 N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, desde o PP de Cambre queremos manifestar a nosa repulsa unánime contra esta violencia e o noso firme compromiso, como organización política, a seguir traballando sen descanso ata erradicala.

Pero fai falta moito máis que un día, unha foto ou un titular, o noso compromiso e o de Cambre na loita contra a violencia contra a muller debe tomar forma a través de medidas serias e eficaces, necesitamos recursos e que independentemente do día, asesoren, informen e axuden de maneira permanente ás mulleres que sofren violencia.

Un deses recursos que poderíamos ter aquí en Cambre son os centros de información da muller (CIM).

Un CIM é un recurso de información, atención e asesoramento a mulleres, colectivo LGBTQ+, así como a calquera persoa, en asuntos relacionados coa promoción social de igualdade de xénero.

Cada vez máis mozos adolescentes necesitan orientación e apoio, pois viven situacións de acoso, ou outros tipos de violencia que afectan ao seu benestar físico e emocional e necesitan ter un punto de referencia ao que acudir de ser o caso.

Contar cun CIM no noso concello facilitará o acceso a servizos de atención psicolóxica, asesoramento legal e orientación laboral, entre outros, a todas as persoas, familias ou colectivos que os necesiten de maneira gratuíta e ao longo de toda a semana de mañá e tarde dentro dun horario establecido.

Só así se pode facer fronte ás necesidades que xorden sen cita previa e que requiren atención urxente.

Actualmente non contamos con este tipo de centro en Cambre, nunha poboación entorno aos 24.700 habitantes, é imprescindible un centro accesible e próximo que atenda ás necesidades do noso municipio.

"O artigo 14 da Constitución española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda, o artigo 9.2 consagra **a obrigación dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas**, polo que partindo do recollido no Plan de igualdade do concello e contribuíndo a que non quede nunha mera declaración de intencións, facemos este rogo para **que nos próximos orzamentos se teña en conta a creación dun CIM en Cambre**, o cal unha vez creado, en só tres meses acreditarao a Xunta se cumpre os requisitos que recolle o DECRETO 130/2016, do 15 de setembro.

Os centros de información á muller (CIM) son recursos de iniciativa municipal que están a ser impulsados e apoiados pola Xunta de Galicia, que conta cunha ambiciosa liña de axudas para que os concellos invistan novos recursos na mellora das infraestruturas e equipamento dos Centros de Información á Muller.

A colaboración entre administracións, neste caso autonómica e local, é fundamental para traballar pola igualdade e na loita contra a violencia de xénero. A Xunta está a traballar coa Fegamp para mellorar esta rede de CIMs tanto para ampliar o mapa de recursos, a formación especializada continua do persoal como para impulsar as mesas locais contra a violencia de xénero.

Pero para poder beneficiarnos de todas estas axudas hai que dar un primeiro paso e que o concello cree este recurso e pida a acreditación correspondente, retomando a iniciativa na creación deste centro para Cambre.

Por todo isto e para promover unha igualdade real e efectiva no noso concello, propoñemos os seguintes

ACORDOS:

1. A necesidade de crear un Centro de Información á Muller en Cambre.
2. Contemplan nos próximos orzamentos a dotación económica necesaria para a creación da infraestrutura económica e persoal que asegure a creación e acreditación do CIM.

Por unha igualdade real e efectiva.»

Aberta a quenda de intervencións, interveñen a concelleira de UxC, Sra. Díaz Baldomir, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do PP de data 25 de outubro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir e Morales Barrientos

Abstencións: Tres (3), dos/da Sres./a: Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal do PP, de data 25 de outubro de 2024, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

(Cando son as doce horas e corenta e catro minutos, auséntase da sesión o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez e, seguidamente, auséntase do salón de sesións o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei)

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 01:44:40 horas

- Declaración institucional contra a violencia de xénero

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá lectura á declaración institucional presentada o día 18 de outubro de 2024, con número de rexistro de entrada 20240000005184, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Recursos Humanos, Cultura, Deportes e Xuventude, na sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2024, que transcrita di:

“PROPOSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste 25 de novembro, no que se conmemora o Día internacional para a Eliminación da Violencia contra a muller, aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, en memoria das irmáns Mirabal, tres activistas políticas da República Dominicana que foron brutalmente asasinadas en 1960, aproveitamos unha vez mais, para incidir na responsabilidade de todos e todas, pero sobre todo das Administracións Públicas, na urxencia de utilizar todos os recursos para erradicar esta agresión cara os dereitos fundamentais das mulleres.

A violencia contra as mulleres é unha das mais degradantes violacións dos Dereitos Humanos e continúa progresando no ámbito global. Non respecta fronteiras, culturas nin niveis económicos. Está presente en tempos de conflito e de paz, no fogar, no traballo e na rúa. É unha inxustiza manifesta que impide que a sociedade avance no camiño da igualdade e o benestar común que todos/as queremos.

Todas as formas de violencia contra as mulleres teñen en común a súa orixe na situación estrutural de desigualdade real e subordinación na que se atopan as mulleres na sociedade.

Non se pode esquecer que cada vez que se produce unha situación de vulneración dos dereitos da muller, vulnerase tamén os dereitos dos nenos e nenas, que tanto de forma directa como indirecta son obxecto da violencia que se leva a cabo dentro dos seus fogares, deixando unhas secuelas moi difíciles de borrar, sen esquecer o drama que supón para a familia e amizades da vítima.

A pesar da utilidade e do recoñecemento internacional recibido pola lei integral, do importante proceso de toma de conciencia social que se ten producido no noso país sobre a gravidade da violencia contra as mulleres e o gran obstáculo que isto supón para a convivencia democrática, a pesar de todo elo, hoxe, algunhas forzas políticas expoñen unha demolición de toda a estrutura de prevención, atención e protección das mulleres vítimas de violencia de xénero e para iso contan coa complicidade de partidos políticos dispostos a laminar o dereito das mulleres a unha vida libre de violencia; como si 1281 mulleres asasinadas desde que temos datos, e unha media de 150.000 denuncias anuais por maltrato non foran razóns suficientes para rexeitas sen ambaxes e illar a quen sen tapuzos fan do machismo a súa bandeira política.

Neste ano, queremos destacar que a actualización, a formación e a sensibilización cara a violencia de xénero seguen a ter un papel esencial no que deben ser as prioridades políticas. Estase detectando unha alarmante baixada da participación dos axentes clave na formación organizada para loitar contra a violencia de xénero.

Asemade, tras os datos obtidos na alarma de verán, hai que priorizar o traballo de prevención no ámbito rural, xa que, 5 dos 6 asasinatos ocorridos durante esta alarma vivían en zonas rurais de menos de 20.000 habitantes.

Tamén, as Administracións Locais, teñen a importante labor, dada a súa proximidade ao cidadán, de detectar posibles casos de violencia, así como de aplicar en todas a súas actuacións cotiás medidas que impliquen prevención e sensibilización en todos os seus cidadáns, creando unha conciencia a toda a cidadanía de tolerancia cero fronte a violencia machista, intentado que esta violencia aflore do entorno íntimo e familiar, á luz pública para a súa visualización. Para esta labor as Corporacións Locais deben contar cunhas competencias definidas e efectivas e un financiamento adecuado que posibilite accións eficaces.

O compromiso das forzas políticas coa democracia e o estado de dereito esixe un compromiso coa vida e coa liberdade das mulleres, un compromiso firme en pro dunha política sostida para erradicar a violencia de xénero. Non podemos, non debemos poñer en perigo o presente e futuro das mulleres e dos seus fillos e fillas.

Así o esixe a sociedade, e en particular, as organizacións de mulleres que saben que nesta materia só se conseguen avances se hai un compromiso de todas as forzas políticas e sociais para colocar na axenda política a loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.

Por todas estas razóns, faise necesario redobrar os esforzos contra a violencia de xénero, mantela como prioridade política e democrática, illar aos violentos e a quen lles da cobertura política, e esixir que se reforce o sistema de protección para as mulleres vítimas.

Por todo isto, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes:

ACORDOS

PRIMEIRO. Volver a manifestar con motivo do próximo 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, a nosa mais enérxica repulsa ante as situacións de malos tratos e violencia machista que veñen padecendo as mulleres e os menores, á vez expresar a nosa solidariedade coas vítimas e as súas familias.

SEGUNDO. Proclamar TOLERANCIA CERO cara a violencia de xénero, utilizando todos os instrumentos que esta Corporación Local ten ao seu alcance para erradicar na súa totalidade a violencia cara as mulleres.

TERCEIRO Expressar o seu rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a negación da existencia da violencia de xénero e a eliminación ou minoración das medidas de protección das mulleres fronte á violencia machista, así como o drama social e as consecuencias que ten para as vítimas.

CUARTO. Continuar apoiando ás organizacións formais e informais (grupos de mulleres) e a quen defendan os dereitos das mulleres que teñen actuado como catalizadores e puntas de lanza dos avances lexislativos e políticos no campo dos dereitos das mulleres.

QUINTO. Esixir ao resto de administracións unha implicación coordinada, aportando os medios necesarios para garantir a atención xurídica, psicolóxica e social, en definitiva a protección efectiva das mulleres, tal e como se indica na Lei de medidas de protección Integral contra a violencia de xénero.

SEXTO. Reclamar que os Concellos manteñan e amplíen as súas competencias na loita contra a violencia de xénero, dotándoos de recursos económicos a través dun financiamento local suficiente e xusto."

(Cando son as doce horas e corenta e sete minutos reincorpórase á sesión o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei)

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a declaración institucional de data 18 de outubro de 2024, que é aprobada por unanimidade dos presentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a declaración institucional de data 18 de outubro de 2024, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 01:50:58 horas

A Sra. Presidencia intervén e manifesta que hai unha moción do grupo municipal de AV, rexistrada de entrada ao núm. 202499900006873 o día 25 de outubro de 2024, para a conexión do paseo marítimo de Cambre co de Oleiros, e concede o uso da palabra ao voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, quen di que a urxencia vén dada porque tras as obras que se realizaron do dragado da ría do Burgo, que como quen di aínda están quitando a maquinaria, e que teñen informes aínda vixentes, di que consideran que é bo momento para traela.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do citado asunto, que é aprobada por unanimidade dos presentes.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguío, quen dá lectura á moción que di:

«MOCIÓN DE “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” PARA A CONEXIÓN DO PASEO MARÍTIMO DE CAMBRE CO DE OLEIROS

Raúl Varela Fraguío, voceiro municipal de “Alternativa dos Veciños”, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico do Concello de Cambre, presenta para a súa consideración, debate e, de ser o caso, aprobación polo pleno municipal da moción seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Tras a realización das obras de recuperación integral e dragado da ría do Burgo, dada a súa magnitude, resultaba razoable pensar que quedarían conectados os paseos marítimos de Culleredo, Cambre e Oleiros, para poder circunvalar a ría camiñando, abrindo así tamén a posibilidade futura da conexión co Concello da Coruña, cando se acometa o treito pendente na zona das Xubias e A Pasaxe. Non só era razoable pensalo senón que estaba contemplado no proxecto inicial que foi contratado.

Mesmo tras finalizar as obras, a propia Dirección Xeral da Costa e o Mar anunciaba nos medios de comunicación que o bordo litoral da ría era todo transitable, o que por desgraza para o conxunto da cidadanía da comarca, e especialmente para os cambreses e as cambresas, non é certo. A día de hoxe existen dous tramos de escasos metros carentes de paseo marítimo, un no límite do noso concello e outro xa no interior de Oleiros.

Resulta indignante que tras un investimento de 37,5 millóns se deixase sen abordar un aspecto menor en canto á contía económica pero de gran relevancia para a mobilidade do conxunto da cidadanía da comarca. Non é de recibo que se deixase o paseo de Cambre incomunicado co de Oleiros, interrompendo drasticamente o que podería ser un itinerario sostible de decenas de km.

Esta ruptura da continuidade entre Cambre e Oleiros resulta un grave inconveniente non só para os centos de persoas que cada día utilizan este itinerario para o seu ocio activo, senón tamén para a cidadanía do Concello de Cambre que usa o paseo da ría como a alternativa ciclista máis eficaz para conectar con Santa Cristina, a Ponte da Pasaxe e o carril bici da avenida da Pasaxe, unha alternativa segura á N-VI.

Na actualidade non é posible desprazarse desde O Graxal ata A Pasaxe ou Santa Cristina camiñando, en bici ou noutro vehículo de mobilidade persoal, xa que é necesario interromper dúas veces de xeito abrupto o paseo, por non dispoñer do firme e condicións axeitadas de accesibilidade para alcanzar os paseos de Oleiros.

Por todo o exposto propoñemos que o pleno do Concello de Cambre adopte o seguinte acordo:

ACORDO

Demandar á Dirección Xeral da Costa e o Mar que, aproveitando a disposición de todos os trámites medioambientais necesarios e os proxectos técnicos das recentemente finalizadas obras de dragado, contrate no prazo máis breve de tempo as obras necesarias para completar a totalidade dos treitos de paseo marítimo pendentes na ría entre Cambre e Oleiros, dotándoos de boas condicións de seguridade e accesibilidade para que o Concello de Cambre quede conectado co paseo marítimo de Oleiros e, por tanto, a cidadanía de Cambre poida circunvalar toda a ría a pé ou en bicicleta por un paseo litoral.»

Aberta a quenda de intervencións, interveñen o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, e o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío.

(Cando son as doce horas e cincuenta e seis minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro de UxC, Sr. Boga Moscoso, quen se reincorpora cando son as doce horas e cincuenta e nove minutos)

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal de AV de data 25 de outubro de 2024, que é aprobada por unanimidade dos presentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de AV, de data 25 de outubro de 2024, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 01:59:56 horas

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1150/2024, do 27 de setembro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“**Primeiro.-** Nomear como membro da Xunta de Goberno Local ao seguinte concelleiro:

- Óscar Tomás Barrientos Morales

Segundo.- Notificar persoalmente ao designado a presente resolución e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.

Terceiro.- Co anterior nomeamento a Xunta de Goberno Local queda integrada por esta alcaldesa, que a preside, e polos seguintes concelleiros/a:

- Juan González Leirós
- Daniel Mallo Castro
- Ramón Boga Moscoso
- María Yolanda Díaz Baldomir
- Óscar Tomás Barrientos Morales
- Raúl Varela Fraguío
- Manuel Castro Uzal

Cuarto.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1152/2024, do 27 de setembro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“**Primeiro.-** Nomear como tenente de alcaldesa ao seguinte concelleiro:

- Óscar Tomás Barrientos Morales

Segundo.- Co anterior nomeamento modificar a orde dos nomeamentos de tenentes de alcaldesa efectuada por Resolución da Alcaldía núm. 457/2024, do 10 de abril, quedando estes pola orde que de seguido se indica:

Primeiro tenente de alcaldesa: Juan González Leirós
Segundo tenente de alcaldesa: Daniel Mallo Castro
Terceiro tenente de alcaldesa: Ramón Boga Moscoso
Cuarta tenente de alcaldesa: María Yolanda Díaz Baldomir
Quinto tenente de alcaldesa: Óscar Tomás Barrientos Morales

Segundo.- Corresponde aos/ás nomeados/as substituírme, pola orde sinalada, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas funcións, así como desempeñar as funcións de alcalde/sa nos supostos de vacante da Alcaldía ata que tome posesión o/a novo/a alcalde/sa.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos/ás designados/as e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da data, conforme establece o artigo 46.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e artigo 58.3 do Regulamento orgánico municipal.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1158/2024, do 27 de setembro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

«**Primeiro.-** Conferir a delegación xenérica da Área de Cultura, Deportes e Xuventude a prol de Óscar Tomás Barrientos Morales, quinto tenente de alcaldesa, co ámbito material reflectido na resolución de Alcaldía núm. 458/2024, do 10 de abril de 2024, de creación das áreas de goberno local.

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, as delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcaldesa, e respecto da súa área, comprenden:

- a) A delegación do exercicio das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- b) A concesión de subvencións a particulares en materias incluídas dentro do seu ámbito de delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento.
- c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.
- d) A resolución das incidencias que poidan xurdir en relación coas peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, xa sexan presentadas por particulares ou polos concelleiros/as.
- e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, no seu caso.
- f) A sinatura das certificacións que se deban emitir en relación coa tramitación dos procedementos, así como respecto das resolucións ditadas na súa respectiva área no exercicio da competencia delegada, en cumprimento da esixencia contida no art. 205 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se

aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o cal “as certificacións expediranse por orde do presidente da corporación e co seu visto e prace, para significar que o secretario ou funcionario que as expide e autoriza está no exercicio do cargo e que a súa sinatura é auténtica.”.

En canto ao seu contido material, as ditas certificacións serán emitidas na propia área segundo requira a tramitación de cada expediente en concreto, reflectirán integramente o texto do acordo ao que se refire, serán asinadas polo funcionario/a responsable da área, ou polo funcionario/a responsable da tramitación do expediente, e reintegraranse, no seu caso, de acordo coa respectiva ordenanza fiscal.

g) A sinatura das certificacións respecto do contido de documentos ou informes que se deban emitir en cada área.

En canto ao seu contido material, cando a certificación non se limite á reprodución dunha resolución ou documento, o xefe/a da unidade administrativa a quen corresponda a súa elaboración, emitirá un informe no que se recollan os datos sobre os que haberá de certificarse, e o contido da certificación reproducirá literalmente o contido do mencionado informe, con exposición da data de emisión e sinatura auténtica do funcionario/a informante.

A certificación irá asinada polo xefe/a da unidade ou polo funcionario informante, e reintegrarase, no seu caso, de acordo coa respectiva ordenanza fiscal.

h) A sinatura dos anuncios e edictos, así como a orde de remisión aos diarios oficiais e aos medios de comunicación, en relación cos asuntos propios da súa área.

i) A sinatura de comunicacións que se dirixan a autoridades ou organismos públicos así como a particulares, respecto dos servizos e actividades municipais relativos ás materias incluídas na área.

j) A sinatura dos impresos de solicitudes de subvencións, certificados e demais documentación que deba remitirse unha vez ditada a correspondente resolución polo concelleiro/a delegado/a de cada área.

Isto sen prexuízo das facultades de tutela e das materias reservadas que esta Alcaldía conserva nos termos previstos na Resolución da Alcaldía núm. 469/2024, do 12 de abril.

Terceiro.- De conformidade co establecido no art. 50.2 do ROM, a delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro delegado. Enténdese aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o/a alcalde/sa de que non acepta a delegación, todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación do *Boletín Oficial da Provincia*, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

A delegación, unha vez aceptada, entenderanse vixente mentres non sexa revogada expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto na forma establecida pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Nos documentos que deba firmar o concelleiro delegado no exercicio da delegación farase constar a data da Resolución de Alcaldía pola que se efectuou a delegación.

Cuarto.- Notifíquese persoalmente ao Sr. concelleiro, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.»

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1159/2024, do 30 de setembro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“**Primeiro.-** Determinar que Óscar Tomás Barrientos Morales, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, exercerá as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, coa retribución acordada polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 30 de maio de 2024.

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo 19.3 do Regulamento orgánico municipal, notificar ao concelleiro delegado para os efectos da súa aceptación expresa, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo dos dez días seguintes dende a notificación. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

1243/2024	17-10-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 9/10/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MLL
1244/2024	17-10-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para recibo de auga, solicitada con data 14/10/2024, por superar o límite máximo establecido por unidade familiar no artigo 4 da Ordenanza. Solicitante: SBB
1245/2024	17-10-2024	Considerar desistido a JMGL da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 28 de febreiro de 2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1246/2024	17-10-2024	Ordenar a ELQ, SLQ e JLQ que corte a vexetación existente na parcela sita no lugar de San Paio, Brexo, ao estar xerando unha situación de inseguridade, concedéndolles a tal efecto un prazo de 15 días a contar a partir do seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
1247/2024	17-10-2024	Denegar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, solicitada, dado que pola súa discapacidade non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JMMV
1248/2024	17-10-2024	Iniciar expediente de orde de execución a MCSG, ESG, MdelMSG, OSG, JMSG, herdeiros de FSG e herdeiros de CGD para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Drozo, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
1249/2024	17-10-2024	Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal no seu informe, isto con base no informe-proposta asinado pola coordinadora de deportes interina en data 30.09.2024, polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 01.10.2024 e polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude en data 02.10.2024. Aprobar a xustificación presenta polo Club Ciclista Cambre - Caeiro para a percepción da segunda achega do convenio asinado para a promoción do ciclismo 2022, segundo o establecido no apartado da cláusula primeira do convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 3.505,22 € a prol do Club Ciclista Cambre-Caeiro
1250/2024	17-10-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor de subministración consistente na compra de libros para o fondo bibliográfico das bibliotecas municipais de acordo coa Resolución do 22 de marzo de 2024 que dá publicidade ás axudas (PROGRAMA A) para a dotación de novidades editoriais, publicada no DOG nº 66 do 4 de abril de 2024. Adxudicar o contrato menor a EDICIÓNS DO CUMIO, S.A., por importe de 569,61 € sen IVE (592,39 € con IVE 4% incluído)
1251/2024	17-10-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor de subministración consistente na compra de libros para o fondo bibliográfico das bibliotecas municipais de acordo coa Resolución do 22 de marzo de 2024 que dá publicidade ás axudas (PROGRAMA A) para a dotación de novidades editoriais, publicada no DOG nº 66 do 4 de abril de 2024. Adxudicar o contrato menor a EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA, S.A., por importe de

		594,80 euros sen IVE (618,59 € con IVE 4% incluído)
1252/2024	17-10-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor de subministración consistente na compra de libros para o fondo bibliográfico das bibliotecas municipais de acordo coa Resolución do 22 de marzo de 2024 que dá publicidade ás axudas (PROGRAMA A) para a dotación de novidades editoriais, publicada no DOG nº 66 do 4 de abril de 2024. Adxudicar o contrato menor a KALANDRAKA Editorial SL., por importe de 545,19 € sen IVE (567,00 € con IVE 4% incluído)
1253/2024	17-10-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor de subministración consistente na compra de libros para o fondo bibliográfico das bibliotecas municipais de acordo coa Resolución do 22 de marzo de 2024 que dá publicidade ás axudas (PROGRAMA A) para a dotación de novidades editoriais, publicada no DOG nº 66 do 4 de abril de 2024. Adxudicar o contrato menor a TRIQUETA VERDE, S.L. por importe de 276,88 € sen IVE (287,96 € IVE 4% incluído).
1254/2024	17-10-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MEMC
1255/2024	17-10-2024	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a MJFF, con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución da alcaldía de data 2 de abril de 2024, pola que se lle ordenou a restitución dos movementos de terra realizados na parcela sita no lugar da Casilla (Cambre), ao seu estado anterior
1256/2024	18-10-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de outubro de 2024
1257/2024	18-10-2024	Recoñecemento de obrigas correspondentes a factura por importe de 17.430,05 euros Cursos AFD 2023-2024
1258/2024	18-10-2024	Aprobar a liquidación do imposto sobre o valor engadido do terceiro trimestre do ano 2024, saldando o importe das cotas de IVE repercutido por 41.794,38 euros, e o das cotas do IVE soportado por 0,00 euros, do que resulta un saldo acreedor por IVE a favor da Facenda Pública do Estado de 41.794,38 euros
1259/2024	21-10-2024	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 24.10.2024
1260/2024	21-10-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 11 de xullo de 2024 tendo en conta os informes emitidos polo bibliotecario-arquiveiro con data 18.07.2024, polo administrador do sistema informático con data 18.07.2024, pola coordinadora de Servizos sociais con data 22.07.2024 e polo enxeñeiro técnico industrial en funcións de xefe da sección de Servizos de data 11.10.2024. Aprobar as facturas e gastos por un importe total de 12.489,55 euros
1261/2024	21-10-2024	Delegar no concelleiro don Juan González Leirós a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de BSV e JMVG
1262/2024	21-10-2024	Aprobar a liquidación das retencións do imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendas do traballo ao persoal municipal no mes de setembro e aos profesionais e empresas por rendas de actividades profesionais, capital inmobiliario, etc. no terceiro trimestre do ano 2024
1263/2024	21-10-2024	Autorizar, con efectos de data 2 de setembro de 2024, a apertura da urna perimetral sinalada co número 51 letra A no cemiterio municipal de Cambre solicitada en data 2 de setembro de 2024, ao obxecto de inhumar os restos mortais de MVC falecido o día 1 de setembro de 2024. Solicitante: LVC

1264/2024	22-10-2024	Aprobar o proxecto para o que se solicita subvención, consistente no mantemento do servizo prestado por unha axente de emprego e desenvolvemento local no Concello de Cambre (AEDL), co fin de desenvolver traballos enmarcados dentro do ámbito do emprego, a formación e a promoción económica dentro do departamento municipal da Axencia de Desenvolvemento Local. Solicitar a subvención, ao abeiro da Orde do 11 de setembro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para o mantemento do servizo prestado pola axente de emprego e desenvolvemento local
1265/2024	22-10-2024	Autorizar, con efectos do día 29 de agosto de 2024, a apertura da urna perimetral sinalada co número 162 letra B no cemiterio municipal de Cambre solicitada en data 29 de agosto de 2024 co obxecto de inhumar os restos mortais de MCL, falecida o día 28 de agosto de 2024. Solicitante: EMCC
1266/2024	22-10-2024	Dar de baixa os recibos que se incluíron nos padróns da auga correspondentes ao terceiro e cuarto trimestre de 2021, por incorrer nun erro nos datos identificativos do obrigado tributario, NIF
1267/2024	22-10-2024	Aprobar as listas definitivas de admitidos/excluídos aos concursos para a cobertura da praza de axente de desenvolvemento local, da praza de enxeñeiro técnico industrial, da praza de conserxe, das prazas de operario de servizos, en proceso de estabilización de emprego temporal. Designar membros dos tribunais cualificadores destes procesos selectivos
1268/2024	22-10-2024	Baixa de recibos da taxa por prestación do servizo público de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, evacuación e depuración e canon da auga da Xunta de Galicia ao contribuínte e liquidación ao substituto do contribuínte
1269/2024	22-10-2024	Autorizar, con efectos do día 6 de outubro de 2024, a apertura da urna perimetral sinalada co número 161 letra D no cemiterio municipal de Cambre solicitada en data 8 de outubro de 2024 co obxecto de depositar as cinzas de LLC, falecida o día 5 de outubro de 2024. Solicitante: MLPL
1270/2024	22-10-2024	Autorizar, con efectos do día 11 de outubro de 2024, a apertura da urna perimetral sinalada co número 102 letra A no cemiterio municipal de Cambre, solicitada en data 11 de outubro de 2024 co obxecto de inhumar os restos mortais de JRV, falecido o día 10 de outubro de 2024. Solicitante: MLMP
1271/2024	22-10-2024	Suspender a utilización da cheminea existente na grellada sita en Curros Enríquez, O Temple, así como a utilización da grella, ao terse producido unha combustión na dita cheminea, téndose constatado que as medidas correctoras adoptadas na actividade non se están a cumprir
1272/2024	22-10-2024	Aceptar a renuncia voluntaria de CPGL á súa condición de traballadora social interina neste Concello, con efectos do 22 de outubro de 2024, de conformidade cos artigos 64 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, e 65 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1273/2024	23-10-2024	Levantar os reparos suspensivos formulados pola interventora municipal no informe de fiscalización previa de data 15 de outubro de 2024, isto con base no informe proposta da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, de data 15 de outubro de 2024. Dispoñer que continúe o procedemento de convocatoria de proceso selectivo para a contratación en réxime laboral temporal do alumnado traballador, dun/dunha director/a, tres docentes, un/unha auxiliar administrativo pertencentes ao obradoiro de emprego "PROXEDIS SOCIO sanitario-Educativo II" 2024/2025, subvencionados por resolución de 19/08/2024 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia ao abeiro da orde de 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2024
1274/2024	23-10-2024	Aprobar a despesa pola taxa polo servizo de recadación dos ingresos municipais

		correspondente á liquidación provisional da recadación voluntaria do primeiro semestre de 2024. Autorizar, dispor e recoñecer a obriga correspondente ao antedito gasto
1275/2024	23-10-2024	Acordar a renovación do compromiso de permanencia da Biblioteca Pública Municipal de Cambre; Biblioteca Pública Municipal Os Templarios e Biblioteca Pública Municipal Xabier P. Docampo na Rede de Bibliotecas de Galicia. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de Cambre para a renovación do compromiso de integración na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia das Bibliotecas Públicas Municipais de Cambre, no que se detallan os compromisos e obrigas das partes asinantes
1276/2024	23-10-2024	Conceder as axudas económicas de emerxencia social solicitadas con data 23/04/2024 e con data 27/05/2024 destinadas ao pagamento de dous recibos de alugueiro correspondentes aos meses de maio e xuño de 2024 por importe de 295 euros cada un, supoñendo un total de 590 euros segundo o artigo 7 da ordenanza. Solicitante: SAdeV
1277/2024	23-10-2024	Autorizar a transmisión do dereito de uso da urna perimetral sinalada co número 19, letra B no cemiterio municipal de Cambre. Solicitante: FGL
1278/2024	24-10-2024	Convocar proceso para a selección en réxime laboral temporal do alumnado-traballador e dun/dunha director/a, tres docentes e un/unha auxiliar administrativo, subvencionados por resolución de 18/08/2024 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia ao abeiro da orde do 7 de febreiro de abril de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2024. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
1279/2024	24-10-2024	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para modificar a composición dos membros da Mesa de Contratación designada no expediente de contratación da obra de "Reforma integral de la plaza Fernando Buesa – El Temple". Modificar a composición da Mesa de Contratación
1280/2024	24-10-2024	Contratar ao abeiro da resolución núm. 2024/4824 da Presidencia da Deputación provincial da Coruña de data 8 de febreiro de pola que se aproba a concesión das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2024 (PEL-CONCELLOS 2024) incluído na liña 1.1 do PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL-CONCELLOS 2024), como persoal laboral mediante un contrato de traballo temporal de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo con data de finalización o día 31/12/2024, ás seguintes persoas: CRP, SBP e PADL
1281/2024	24-10-2024	Baixa de recibos da taxa por prestación do servizo público de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, evacuación e depuración e canon da auga da Xunta de Galicia a contribuíntes e liquidación aos substitutos do contribuínte
1282/2024	25-10-2024	Levantar os reparos suspensivos formulados pola intervención municipal, no informe intervención referencia LMR MELLORA FUNCIONAL E ACCESIBILIDADE DO PARQUE RAMÓN BARBA FASE 1 E 2_ FASE O_2/2024, de data 09.10.2024 (CVD: usUUGiwIJqbnoOBtMOK7), e posteriores dilixencias, Dilixencia complementaria ao informe de intervención referencia LMR MELLORA FUNCIONAL E ACCESIBILIDADE DO PARQUE RAMÓN BARBA FASE 1 E 2_ FASE O_2 /2024 de data 16.10.2024 (CVD: aMEIrkQRVjA50NLwkv9E), e Dilixencia de data 22.10.2024 (CVD: d8nNGIM1amvQYroU23x5, tendo en conta o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 14.10.2024 (CVD: DSyEmr7Osm9O6QTFNyod) e o informe de data 17.10.2024 (CVD: 3/qjdUYRG8qmc1tPevh2). Aprobar certificacións de obra e facturas por importe de 217.379,09 €
1283/2024	25-10-2024	Considerar desistido a SML, da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza

		reguladora solicitada con data 15/4/2024 e núm. de rexistro de entrada 20240000001786, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1284/2024	25-10-2024	Considerar desistida a CLMV, da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 10/5/2024 e núm. de rexistro de entrada 202400300000317, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1285/2024	25-10-2024	Considerar desistido a FCS, da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 8/4/2024 e núm. de rexistro de entrada 202400300000262, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1286/2024	25-10-2024	Considerar desistida a NRP, da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 16/2/2024 e núm. de rexistro de entrada 202400200000230, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1287/2024	25-10-2024	Considerar desistida a TYTO, da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 20/8/2024 e núm. de rexistro de entrada 202400200001247, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1288/2024	25-10-2024	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 29 de outubro de 2024, ás 9.00 horas, que terá lugar no despacho da Alcaldía da casa do concello.
1289/2024	25-10-2024	Delegar a totalidade de funcións que ostenta a Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós, que as exercerá no período que vai das 14.00 ás 15.00 horas do día de hoxe, 25 de outubro de 2024.
1290/2024	25-10-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 26/08/2024 e núm. de rexistro de entrada 202400300000583, a MJBm, xa que segundo o disposto no artigo 23.7, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social.

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 8 de outubro de 2024

- Proposta de aprobación do expediente de "Subministración en estación de servizo de carburantes (Gasóleo A e Gasolina Super 95 (Lote 1) e de Gas GLP Automoción (Lote 2) para vehículos e maquinaria industrial. Expediente 2024/C005/000003

- Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa "Iluminación Naveiro, S.L." correspondente ao Lote 4 do contrato mixto de servizos e subministracións para a organización da VI Romaría Galaico Romana "Galaicoi" (14, 15 e 16 de xullo de 2023). Expediente 2023/C004/000009

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15 de outubro de 2024

- Proposta de adjudicación do contrato da obra de “Reforma do bombeo de augas residuais de Ponte-Cela, Cambre”, á empresa “MEDANCLI, S.L”, no prezo ofertado de 42.908,43 euros sen IVE (51.919,20 euros IVE incluído), por ser a única empresa presentada en aplicación dos criterios de adjudicación, sen estar incurso a oferta en presunción de ser anormalmente baixa. Expediente 2023/C003/000001

- Proposta de aprobación do expediente de contratación da obra “Mellora funcional do espazo libre/zona verde no entorno da rúa Polígono no Temple”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023. Expediente 2023/C003/000011

- Proposta relativa ao cambio de designación de responsable do contrato de “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”. Expediente 2020/C004/000021. Déixase sen efecto a designación como responsable do contrato efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 27 de febreiro de 2024, a prol de don Óscar Souto Muíño López, e desígnase como responsable do contrato a don Alberto Serrano Souto, enxeñeiro técnico de obras públicas municipal interino.

- Proposta relativa ao cambio de designación de responsable do contrato de “Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)” Expediente 2020/C004/000022. Déixase sen efecto a designación como responsable do contrato efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 27 de febreiro de 2024, a prol de don Óscar Souto Muíño López, e desígnase como responsable do contrato a don Alberto Serrano Souto, enxeñeiro técnico de obras públicas municipal interino.

- Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á subministración de metais para soldadura para o curso de “soldadura con electrodo revestido e TIG” do Plan Formativo para o Emprego (Plan AFD) 2023 - 2024 do Concello de Cambre , á empresa TORRES Y SAEZ S.A.U., no prezo ofertado de 9.685,27 € sen IVE, e 11.719,18 € co 21% do IVE incluído, por ser a empresa que fixo a oferta máis vantaxosa atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo. Expediente 2024/C002/000014

- Proposta de aprobación do expediente de contratación relativo ás “Subministracións en punto de consumo de Gasóleo B e C e de bombonas GLP-propano para instalacións térmicas en dependencias municipais do Concello de Cambre”. Expediente TEdeC 2024/C005/000004

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 22 de outubro de 2024

- Proposta relativa ao cambio de designación de responsable do contrato de «Servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de “Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás”». Expediente 2021/C004/000027. Déixase sen efecto a designación como responsable do contrato efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data de 28 de novembro de 2022, a prol da dona Elena Bartolomé Delanoë, e designar como responsable do contrato a don Alberto Serrano Souto, enxeñeiro técnico de obras públicas municipal interino.

- Proposta para prorrogar o contrato do servizo de “Impartición do curso oficial de monitor de actividades de tempo libre, do programa Trans-formate”, adjudicado á empresa “A Billarda, S.L.”, ao curso escolar 2024-2025, no prezo adjudicado de 6.270 euros, con estrita suxeición ás condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas (PCAP) e de prescricións técnicas (PPT) que rexen a contratación, concretando ademais a programación definitiva e actividades concretas a desenvolver co persoal do Departamento de Mocidade municipal (cláusulas 19.4 PCAP e 7 PPT).

- Proposta de aprobación do expediente de contratación relativo aos “Servizos de prevención de riscos laborais e medicina do traballo de Concello de Cambre”. Expediente 2024/C004/000020

4.3. ROGOS

Acceso á videoacta – 02:01:48 horas

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900006926 o día 28 de outubro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:01:52 horas

Lee o rogo a Sra. Piñeiro Fernández.

“Dende o Partido Popular rogámoslle ao Goberno municipal o máis elemental das súas funcións que e a solución dos problemas dos veciños. Neste caso falamos do campo de fútbol de Lema, un campo deteriorado pola falta de actuación do Goberno municipal. Poderíamos enumerar aquí todos os danos que sofre pero sería repetirnos no que vostedes xa están cansados de saber e non fan nada por resolver ata o punto que a súa falta de xestión provoca que nenos de entre catro e seis anos leven máis de 15 días duchándose en auga fría. Isto, señores do Goberno xa non e un rogo, e unha apelación á dilixencia, á competencia e á responsabilidade de todo grupo de goberno. Dende o Partido Popular rogamos nos expliquen este abandono indecente que sofre o campo de fútbol do Lema.”

O Sr. Barrientos Morales contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:06:32 horas

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán.

“O anfiteatro lugar de moitos acontecementos culturais, actuacións e inclusive actos da Open Science atópase nunha condición vergoñenta. Os bancos de madeira deben levar anos sen mantemento, crecen as herbas e hai unha clara falta de limpeza. Chámase anfiteatro aínda que nas condicións nas que se atopa chamalo así e ser optimista de máis e coma non se limpe máis pronto que tarde pois plantaremos patacas e ceboliño. Rogamos dende o Partido Popular que se leve a cabo a limpeza e o mantemento do anfiteatro para o desfrute de todos nós canto antes.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:08:54 horas

Lee o rogo o Sr. Lamela Vázquez.

“Dende o Partido Popular estamos preocupados pola inseguridade viaria na praza Manuel Murguía no Temple, pola grande afluencia de vehículos na rúa Constitución, xa que ao estar como zona de preferencia peonil os vehículos en moitas ocasións non a cumpren e non paran para deixar pasar aos peóns. Por tanto dende o PP solicitamos que se pinte un paso de peóns na rúa Constitución ao seu paso pola praza Manuel Murguía para maior seguridade de todos os veciños.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén o Sr. Lamela Vázquez.

(Cando son as trece horas e once minutos auséntase do salón de sesións a concelleira de UxC, Sra. Díaz Baldomir, que se reincorpora cando son as trece horas e trece minutos)

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900006925 o día 28 de outubro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e traducidos ao galego, din:

1º e 2º rogo - *Acceso á videoacta* – 02:15:00 horas

Lee os rogos a Sra. Rodríguez López.

«Desde o Grupo Municipal Socialista de Cambre, queremos lembrar o rogo que presentamos no pleno de agosto, no que solicitabamos información detallada sobre os pagos realizados e pendentes, relacionados coas facturas do Concello. O dito rogo baseábase na afirmación publicada no folleto Novas de Cambre, na que se afirma que “a alcaldesa consegue pagar máis de 3,5 millóns de euros en facturas pendentes”. Pareceunos importante aclarar que, sendo o Concello quen realiza estes pagos, débese especificar exactamente cales son as facturas xa cubertas e cales permanecen pendentes de pago.

Con todo, ata a data non recibimos notificación ningunha que detalle a dita información, o cal resulta preocupante, dado o volume de recursos implicados e o compromiso asumido publicamente polo Goberno municipal neste Pleno.

É importante destacar que, no transcurso destes meses, aprobáronse tres recoñecementos extraordinarios de crédito (REC) que suman máis de 4 millóns de euros, así como un suplemento de crédito de case 4 millóns de euros. A pesar destas accións orzamentarias, e con base na información á que tivemos acceso, é evidente que un elevado número de facturas segue sen pagarse. Isto inclúe subvencións e axudas que se supoñían terían que ser aboadas cos recursos aprobados, o cal deixa sen resolver problemas financeiros do pasado e compromete as finanzas do presente.

Vostedes, en repetidas ocasións, expresaron nos plenos a súa intención de liquidar con estes recursos financeiros aprobados todos os problemas pendentes de pago que afectan ao Concello, incluíndo aquelas débedas que levan máis dun ano acumuladas. Con todo, non se nos informou sobre a situación concreta e actual dos devanditos pagos.

Por todo o anterior, solicitamos novamente, desde o Grupo Municipal Socialista de Cambre, que se nos entregue un informe detallado que reflecta:

1. Os pagos realizados cos fondos aprobados nos REC e no suplemento de crédito
2. Os pagos pendentes que aínda non se efectuaron, detallando cales son e os seus respectivos importes.

Queremos coñecer con claridade o estado actual das finanzas do Concello para poder avaliar a situación real e, sobre todo, para poder explicar aos nosos veciños que se fixo ata o de agora con eses recursos.

Pedimos que se dea resposta a este rogo de maneira urxente e que se dea conta desta información de maneira oficial neste pleno.»

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo. Intervenien a Sra. Piñeiro Fernández, a alcaldesa Sra. Pan Lesta, a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. Prieto Lamas.

3º rogo - *Acceso á videoacta* – 02:25:49 horas

Lee o rogo a Sra. Rodríguez López.

“Desde o Grupo Municipal Socialista de Cambre, rogamos de novo, que calquera información económica que traian a pleno para a súa aprobación, xa sexa como suplemento de crédito ou como REC, se nos entregue con suficiente antelación para poder estudala con tempo. Entendemos as urxencias de certos asuntos, pero outros son previsibles.

Por iso solicitamos e reiteramos a necesidade de que a información chegue con polo menos 15 días para a súa análise, sobre todo naqueles asuntos que son previsibles.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo. Intervenien o Sr. Alcantarilla Rei, a Sra. Prieto Miramontes e a alcaldesa Sra. Pan Lesta.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900006918 o día 28 de outubro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:31:27 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

«Todos os informes que se teñen en relación ao uso da lingua galega, que é a que nos dá o carácter de galegos, e que nos distingue culturalmente dos outros pobos que conforman o actual Estado español, conclúen de que pola falla de apoio e respecto das administracións responsables lévano á súa desaparición.

Nas pasadas comisións informativas, diante dun rogo do noso grupo do BNG respecto do uso soberano da nosa lingua, veña do departamento que veña, e por parte de calquera traballadora/dor (xa que se nos fan chegar en castelán) así como os proxectos técnicos ou de calquera tipo que se levan a cabo no noso ámbito, contestóusenos que non querían “impoñer” o seu uso.

Resulta paradoxal, que a única lingua propia da Galicia que é o galego, que morrerá irremediabilmente polo desleixo das administracións responsables, sexa vista dende este goberno local coma unha lingua que se “impón”.

O que acontece señoras de UXC é unha falla de sensibilidade e respecto diante daquelas que a defendemos e a usamos con orgullo, pois é a nosa lingua nai, orixe do que somos: galegas.

De pouco serve facer festas tipo Galaicoi, se logo no esencial perdemos a base de calquera identidade propia.

ROGAMOS:

Que con prioridade se nos dea traslado de calquera asunto na nosa lingua: o galego.»

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo. Intervenien a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. alcaldesa.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:37:45 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Diante dunha pregunta formulada polo noso grupo municipal do BNG, respecto das medidas adoptadas polo equipo de goberno para o funcionamento do departamento de Segredaría, contéstasenos arredor da contratación dunha funcionaria/o do Grupo A1 de Recursos Humanos, para que así: poida centrarse nas bases para contratar máis persoal, e facer novas listas para o mesmo.

A verdade é que esta resposta é moi descritiva do que está a acontecer neste noso querido Concello de Cambre.

Resulta! Que vostedes que puideron contratar no seu momento ao persoal que se trasladou a outro concello non só non o fixeron senón que esqueceron o asunto, ¿para que? Están vostedes participando dalgún estudo sociolóxico de como paralizar un concello?

Agora, que as funcionarias actuais están esgotadas, que os asuntos mantéñense inamovíbeis porque non hai quen poida levalos adiante. Agora que o atasco provocado por este goberno que veu levar a Cambre a un tempo novo, digo agora! Veñen a descubrir que para contratar hai que ter listas feitas (non as teñen) que para contratar teñen que ter as bases (non as teñen).

Vostedes levan enganando, mentindo, arruinando as familias, por unha decisión que tomaron de xeito unilateral.

Se foron capaces de conseguir que se levaran a cabo festas como o Galicoi, a festa de ciencia como a do Open Science, e de manter canta verbena e concerto no verán. Como non son capaces de manter en funcionamento a base dun concello coa súa administración ao fronte como é Segredaría? Un departamento esencial.

Non é de recibo a estas alturas esta resposta.

Se foron capaces de saltarse as normas para algúns asuntos menores, amosen que son capaces de sacar da paralización na que nos atopamos dotando ás nosas e aos nosos traballadores das ferramentas necesarias.

ROGAMOS:

Que se busquen as vías precisas e urxentes para dotar o departamento de Segredaría do persoal que permita o funcionamento do noso concello.”

A Sra. Díaz Baldomir contesta o rogo. Intervén a Sra. alcaldesa.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:47:13 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

«O chamado Plan Xeral de Ordenación, ese plan inexistente a día de hoxe, que compromete gravisamente o desenvolvemento económico e emocional do noso concello, está en modo de parálise, e con un evidente desexo deste goberno de que non se leve a cabo. Así, van xogando co patrimonio de familias e empresas facéndolles crer na ilusión de que un día se levará a cabo. No mes de maio, e un ano despois de aprobarse inicialmente celebrouse unha única comisión especial de urbanismo dedicada ao tema, onde por parte do equipo redactor, déusenos unicamente uns esbozos, e confirmándonos que quedaban “só unhas poucas” alegacións para informar e seguir o procedemento.

Esas “pocas alegacións” polo que se ve seguen sen ser informadas, por suposto non se volveu convocar a comisión, descoñecendo polo tanto esta parte da Corporación, da oposición, nós en concreto dende o BNG, que acontece en realidade.



Creemos dende o noso grupo municipal, que este xeito basto de tentar enganar a xente non é xa de recibo, visto os desastrosos resultados que teñen agora e para o futuro.

E polo que

ROGAMOS:

Que se convoque á máxima urxencia a Comisión Especial de Urbanismo, e que o equipo redactor estea a disposición de toda a Corporación, para así coñecer na realidade o momento en que se atopa esta ilusión do PXOUM.»

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervenñen a Sra. Prieto Miramontes e o Sr. Vázquez Pérez.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900006919 o día 28 de outubro de 2024, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 03:04:05 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Aínda que a estrada N-550 non é de titularidade municipal, rogamos que se tape o burato diante da marquesiña de autobús situada a escasos 50 m do ‘Bar Venezuela’, dirección Santiago. Como se pode apreciar nas fotografías achegadas, os días que chove fórmase un charco que fai que o propio autobús ao parar, salpique á veciñanza que está refuxiada na marquesiña.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 03:04:39 horas

O Sr. Varela Fraguío retira o rogo presentado por escrito.

3º rogo - Acceso á videoacta – 03:04:53 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Levamos reclamando dende hai tempo que se tomen medidas contra os que habitualmente confunden os contedores de residuos urbanos con vertedoiros de entullos. Hai varios puntos neste concello nos que sufrimos as mesmas prácticas e unha delas coincide que se atopa preto do polígono do Espírito Santo, onde temos un punto limpo. Moitas veces ata se pode ver o nomo do almacén de construción no que se mercaron as sacas de material depositadas arredor dos contedores de lixo. Rogamos que se tomen medidas de urxencia no que se converteu nunha práctica habitual en varias zonas do noso concello.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

ROGO DE AV PRESENTADO ORALMENTE

Acceso á videoacta – 03:05:34 horas

O Sr. Castro Uzal formula o seguinte rogo:

Rogamos que se execute unha limpeza e roza da beirarrúa que discorre á marxe dereita da DP-1704, dende o CEIP Emilio González López, en Brexo-Lema, ata o cruzamento coa DP-1708, que é a estrada que vai dirección a Andeiro. Toda esa beirarrúa que vai pola marxe dereita, que ten malas herbas, algo de verde, etc., e está un pouco perigoso para a veciñanza.

4.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 03:06:31 horas

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900006926 o día 28 de outubro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:06:32 horas

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“Os usuarios do ximnasio da Barcala quéixanse de que todos os días quedan entre 6 e 10 persoas fóra das clases dirixidas porque non caben na única sala do ximnasio, teñen presentado queixas no Concello para que solucionen o problema. Cando vai abrir o Concello a nova sala do ximnasio xa construída?”

O Sr. Barrientos Morales contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:07:31 horas

Lee a pregunta a Sra. Espiñeira Galán.

“Levouse a cabo a limpeza dos contedores segundo a normativa vixente?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900006925 o día 28 de outubro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e traducidas ao galego, din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:09:16 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcerio Quiñoy.

«No pleno do mes de agosto preguntamos en que situación se atopaban o prego de contratación de limpeza de edificios públicos, centros escolares e centro de saúde, contestáronos que “a previsión era que saíse en setembro”.

No pleno de setembro volvemos preguntar pola situación dos pregos e contestáronos “que estaba en tramitación e que o departamento estaba a realizar o prego de clausuras administrativas particulares”...

A piques de terminar o mes de outubro ... volvemos preguntar:

En que situación se atopa o prego de contratación de limpeza de edificios públicos, centros escolares e centro de saúde?»

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:10:10 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcerio Quiñoy.

“Tras a resposta dada nas pasadas comisións informativas sobre a situación do parque Ramón Barba, cando poderán facer uso do parque os veciños e veciñas?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:10:55 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcerio Quiñoy.

“En que situación se atopa o prego do contrato das luces de Nadal este ano?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900006918 o día 28 de outubro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritos din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:11:19 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Sobre a traballadora de Servizos Sociais que está levando a cabo tarefas de contratación: pode esta traballadora levalas a cabo legalmente ?”

A Sra. Díaz Baldomir contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:11:48 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Sobre a ausencia de exposición micolóxica por segundo ano consecutivo:

Dado que a única solicitude que fai a Asociación micolóxica Andoa é unha CARPA, para levala a cabo, que explicación nos poden dar que resulte clara e convincente sobre unha actividade que o concello lle sae practicamente gratuíta, tendo en conta que a Asociación micolóxica leva moitísimos anos colaborando gratuitamente no desenvolvemento da Semana Micolóxica de Cambre, é este négalle a oportunidade de levar a cabo a mostra por un prezo baixísimo, tendo en conta o labor levado a cabo durante tantos anos?”



O Sr. Barrientos Morales contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:12:55 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

«Respecto do SAF (servizo de axuda a domicilio), vimos preguntando como vai o tema da nova contratación. Sempre se nos responde que está pendente duns “flecros” e que deseguida chegará a Segredaría.

Se en Segredaría non hai persoal para poder seguir co proceso, como pensan resolver dende UXC esta situación?»

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

Finalizados os asuntos incluídos na orde do día, a Sra. alcaldesa concede o uso da palabra ao concelleiro Sr. González Leirós, quen, unha vez concedido, informa aos presentes que o mércores probablemente, martes ou mércores, se non chove, van comezar a asfaltar a estrada DP-1704.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás catorce horas e dezaseis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe

A presidenta

(Asinada dixitalmente)

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo